



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027

PLAN ANUAL FORMACIÓN PROFESORADO

2026–2027



PLAN ANUAL
**FORMACIÓN
PROFESORADO**

2026-2027

ÍNDICE

1. FUNDAMENTOS DO MODELO DE FORMACIÓN	5
2. O MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES	8
3. LIÑAS DE TRABAJO	12
4. ITINERARIOS FORMATIVOS	16
5. CONVOCATORIAS XERAIS	73
6. NORMAS XERAIS	86
7. ENDEREZOS E INFORMACIÓN DE INTERESE	93



FUNDAMENTOS DO MODELO DE FORMACIÓN

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

1. FUNDAMENTOS DO MODELO DE FORMACIÓN

A Unión Europea¹ e a OCDE² definen a formación permanente como un proceso estratéxico cuxas liñas de desenvolvemento constitúen os fundamentos do modelo de formación galego. Esas liñas son as seguintes:

- » A consideración da formación do profesorado como un **proceso estratéxico** nas dinámicas escolares, no que os centros educativos e o seu profesorado son protagonistas.
- » A vinculación das **liñas de traballo** coas funcións docentes e co desenvolvemento dun modelo de competencias profesionais.
- » A detección de **necesidades formativas** desde unha tripla perspectiva: profesorado, centros e sistema educativo.
- » A proxección da formación na **práctica docente** e no éxito do alumnado como fin último.
- » Unha estreita relación coa **investigación**, coa **innovación**, coa **mellora** continua, coa xestión da **calidade** dos centros e coa procura da **excelencia**.



O actual modelo de formación galego avoga por un enfoque transversal da educación para prover de garantías de éxito ao alumnado, a través dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e dunha personalización da aprendizaxe.

Alén disto, en consonancia coas directrices establecidas polos principais documentos europeos recentes, a formación do profesorado debe orientarse cara á promoción da sostibilidade, a inclusión, a transformación dixital e a cooperación estratéxica.

¹<https://www.educacionyfp.gob.es/mc/redie-eurydice/sistemas-educativos/profesorado/formacion-permanente-profesorado.html>

² OECD (2022), Education Policy Outlook 2022: Transforming Pathways for Lifelong Learners, OECD Publishing, Paris, <https://doi.org/10.1787/c77c7a97-en>

O Monitor de Educación e Formación 2025³, informe anual da Comisión Europea, pon o foco na relación directa entre a formación do profesorado e o desenvolvemento das competencias clave do alumnado. Isto implica avanzar cara a unha preparación docente que integre a avaliación competencial, o traballo interdisciplinar e a capacidade de adaptación a contextos diversos. Neste marco, o informe presenta a formación do profesorado como unha ponte entre as prioridades europeas e a práctica de aula, facilitando a tradución dos obxectivos da UE en contidos curriculares, metodoloxías activas e actuacións educativas concretas.

Na mesma liña, a Recomendación do Consello sobre factores habilitadores para unha educación dixital exitosa (C/2024/1115) subliña a importancia de apoiar o profesorado no uso pedagóxico da tecnoloxía e garantir o acceso a infraestruturas tecnolóxicas adecuadas que favorezan unha práctica educativa de calidade, inclusiva e equitativa.

Ademais, as *Conclusións do Consello sobre asociacións estratéxicas en educación e formación*⁴ (C/2024/7400) fomentan a creación de redes de colaboración entre centros, administracións e axentes sociais, co fin de compartir boas prácticas e innovar na formación docente.

Por último, os *Indicadores a nivel de sistema sobre educación e formación en Europa – 2025*⁵ (Eurydice) ofrecen unha base comparativa esencial para identificar prioridades, avaliar o impacto das políticas formativas e garantir a equidade e a calidade no desenvolvemento profesional do profesorado.

³ European Commission (2025). Education and Training Monitor 2025. Brussels: Publications Office of the European Union. <https://op.europa.eu/webpub/eac/education-and-training-monitor/en/>

⁴ Council of the European Union (2024). Council Conclusions on Strategic Partnerships in Education and Training. Official Journal of the European Union, C 7400, 2024. <https://eur-lex.europa.eu/eli/C/2024/7400/oj>

⁵ Eurydice (2025). System-level Indicators for Education and Training in Europe – 2025. Brussels: EACEA. <https://eurydice.eacea.ec.europa.eu/data-and-visuals/system-level-indicators>



O MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

2. O MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

O profesorado debe adquirir e desenvolver ao longo da súa carreira novas competencias no marco da formación inicial e permanente co fin de actualizar a súa práctica profesional para a mellora continua e o éxito educativo.

Este modelo⁶, adaptándoo ao contexto educativo actual e tendo en conta as recomendacións e análises da UE, OCDE e os ODS da Axenda 2030, presenta unha estrutura que leva consigo:

- » Unha organización en áreas e competencias.
- » Unha concreción en descritores competenciais.
- » Unha definición de niveis e establecemento de indicadores.

O modelo galego de Competencias Profesionais Docentes foi establecido xa en 2015 como referencia para a formación e a práctica docente e actualizouse en 2023 para responder aos novos retos educativos.

Esta actualización mantén a coherencia coas liñas estratéxicas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (CECUPF) e comparte visión e misión co documento proposto pola Relatoría para a elaboración do Marco de Competencias Profesionais Docentes (setembro de 2022 - xaneiro de 2025), consolidando así unha proposta común que promove a mellora continua, a equidade e a calidade no exercicio da docencia.



⁶ <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/17543>

O modelo galego está estruturado en **tres áreas** que integran **sete competencias** fundamentais para o desenvolvemento profesional do profesorado:

» **Área pedagóxica:** nela reúnen as competencias relativas ás capacidades, actitudes, coñecementos e saberes docentes de aplicación directa na súa práctica diaria de aula. Implica calquera cuestión relacionada coa metodoloxía, a inclusión, a atención á diversidade e a avaliación.

- **Competencia didáctica:** xestionar o coñecemento para programar, deseñando situacións de aprendizaxe nas que se implementen metodoloxías e didácticas inclusivas.
- **Competencia comunicativa:** interactuar de maneira efectiva e contextualizada, empregando a lingua como estratexia de aprendizaxe e comunicación, respectando os códigos e utilizando diferentes canles, tanto no marco estrito dos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto das relacións dentro da comunidade educativa.
- **Competencia dixital:** activar o conxunto de capacidades, habilidades e destrezas que a persoa docente debe poñer en xogo para o ensino con soporte dixital ou mediado por tecnoloxía.

» **Área profesional:** recolle aquelas competencias relativas ao desenvolvemento de funcións organizativas e de xestión, tanto do proceso de aprendizaxe ao longo da carreira profesional, como de órganos, procesos e agrupamentos colaborativos de centro.

- **Competencia en desenvolvemento profesional:** levar a cabo un proceso transformativo, a nivel individual e colectivo, dirixido á mellora da actuación docente e das condicións de traballo no contexto dun centro educativo entendido como motor e unidade do cambio educativo e social.
- **Competencia en organización escolar e colaboración:** desenvolver funcións relacionadas coa organización e xestión do centro, coa interpretación do contexto de traballo e coa aplicación de plans e programas.

- » **Área social:** agrupa aquelas competencias que teñen incidencia na comunidade educativa e na sociedade en tanto que traballan os ODS, a saúde integral e o benestar individual co gallo de participar no tecido social de xeito sostible e construíndo unha cidadanía global positiva.
- **Competencia en saúde, seguridade e benestar:** contribuír activamente á creación de ambientes saudables, seguros e compatibles co desenvolvemento sostible, facéndoo a través da prevención e detección temperá de situacións de risco, da implementación de solucións acordadas e informadas pola normativa vixente e da promoción de hábitos saudables a nivel físico e mental.
 - **Competencia inclusiva, social e cidadá:** promover un clima de convivencia positiva no que se considera a diversidade como un activo de aprendizaxe, se desenvolve a conciencia intercultural e internacional e se atende á prevención e á resolución de conflitos, fomentando a xustiza social e o respecto.



LIÑAS DE TRABAJO

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

3. LIÑAS DE TRABALLO

O Plan Anual de Formación do Profesorado (PAFP) que pon en marcha a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten como obxectivo último a mellora da práctica docente de todos os niveis non universitarios e, polo tanto, inclúe unha oferta formativa adaptada ás necesidades do profesorado galego, permitíndolle coñecer e incorporar novas formas de ensinar e garantindo a mellora das competencias profesionais docentes.

Para o desenvolvemento das sete competencias do modelo, a oferta formativa está organizada en cinco liñas de traballo que traballan dúas ou tres competencias de xeito troncal. Con todo, as demais competencias profesionais docentes tamén se abordan de xeito complementario. A modo de exemplo, en todas as actividades que se levan a cabo na Rede, independentemente da súa temática, desenvólvese, como mínimo, un indicador da competencia dixital docente pola súa propia natureza, ao ter lugar nun espazo virtual como é a Plataforma de Teleformación Galega (Platega). Así mesmo, todas as actividades de formación do profesorado tratan de xeito transversal a competencia en desenvolvemento profesional, xa que teñen como fin último o progreso e a mellora docente.

Na seguinte táboa recóllense as liñas de traballo do PAFP e o seu vencello coas principais competencias que se abordan nelas e cos itinerarios formativos que as desenvolven.

No marco do actual PAFP, actualízanse os itinerarios formativos centrados na **intelixencia artificial**, no fomento da **competencia lectora** e no desenvolvemento da **competencia matemática**.

Esta actualización está motivada polas tendencias emerxentes no ámbito educativo, polas demandas derivadas dos programas de cooperación territorial promovidos a nivel estatal e europeo, así como pola necesidade de afrontar os retos identificados nos informes internacionais TALIS e PISA. Estes estudos sinalan a importancia crecente de integrar con criterio as tecnoloxías emerxentes na práctica docente, de mellorar os niveis de comprensión lectora e de reforzar as competencias STEM do alumnado, na procura do benestar socioemocional e da inclusión do alumnado. Así, a proposta busca anticiparse aos desafíos do sistema educativo e apoiar o profesorado cunha oferta formativa actualizada, conectada coas necesidades reais da aula e orientada á mellora continua da calidade educativa.

LIÑAS DE TRABAJO	COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES	ITINERARIOS
1. Didáctica	Didáctica Dixital Inclusiva, social e cidadá Comunicativa Desenvolvemento profesional Organización escolar e colaboración Saúde, seguridade e benestar	» Desenvolvemento curricular » Metodoloxías didácticas » Deseño e desenvolvemento de proxectos STEM » Polos creativos » Fomento da competencia matemática » Fomento da competencia lectora
2. Dixital	Didáctica Dixital Inclusiva, social e cidadá Organización escolar e colaboración Comunicativa Desenvolvemento profesional Saúde, seguridade e benestar	» Dixitalización do centro e da comunidade educativa » Contidos educativos dixitais » Intelixencia artificial » Metodoloxías dixitais » E-Dixgal
3. Innovación e investigación	Desenvolvemento profesional Organización escolar e colaboración Inclusiva, social e cidadá Didáctica Comunicativa Dixital Saúde, seguridade e benestar	» Innovación » Investigación » Internacionalización
4. Convivencia e inclusión	Saúde, seguridade e benestar Inclusiva, social e cidadá Didáctica Comunicativa Dixital Desenvolvemento profesional Organización escolar e colaboración	» Convivencia escolar e coeducación » Inclusión educativa
5. Comunicación e plurilingüismo	Comunicativa Inclusiva, social e cidadá Saúde, seguridade e benestar Didáctica Dixital Desenvolvemento profesional Organización escolar e colaboración	» Comunicación » Tratamento da información » Plurilingüismo

O Plan Anual de Formación 2026/27 está artellado arredor destas liñas de traballo e concrétese en **19 itinerarios formativos e 6 propostas formativas** que responden ás necesidades e esixencias actuais de formación por parte do profesorado, fomentando que o persoal docente poida incorporar á súa práctica algúns elementos da innovación educativa ao tempo que exercitan as competencias profesionais docentes.



Ademais dos 19 itinerarios recollidos na táboa anterior, completan a oferta do presente Plan Anual as propostas formativas deseñadas para estes 6 colectivos que, pola súa especificidade, demandan unhas accións formativas concretas e que son os seguintes: a inspección educativa, os equipos directivos, as persoas orientadoras, o funcionariado en prácticas, o persoal docente de novo acceso ao sistema educativo e as familias, tal e como se detalla no apartado correspondente.

COLECTIVO ESPECÍFICO	COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES
Inspección educativa	» Organización escolar e colaboración » Inclusiva, social e cidadá
Equipos directivos	» Organización escolar e colaboración » Inclusiva, social e cidadá
Persoas orientadoras	» Inclusiva, social e cidadá » Saúde, seguridade e benestar
Funcionariado en prácticas	» Didáctica » Comunicativa » Inclusiva, social e cidadá
Persoal docente de novo acceso ao sistema educativo	» Didáctica » Comunicativa » Inclusiva, social e cidadá
ENAPAS	» Inclusiva, social e cidadá » Saúde, seguridade e benestar » Didáctica



ITINERARIOS FORMATIVOS

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

4. ITINERARIOS FORMATIVOS


QUE SON?

Un itinerario formativo é unha relación secuenciada e gradual de actividades ligadas ao desenvolvemento das competencias profesionais docentes e estruturada, de maneira xeral, en tres niveis:

- » Un **nivel básico** que implica posuír coñecementos actualizados en calquera das cuestións recollidas no marco competencial (normativa, procesos, ámbitos, habilidades), así como avanzar na mellora da súa posta en práctica.
- » Un **nivel medio** no que o profesorado diseña e implementa estratexias e traballa habilidades de maneira autónoma en todos os procesos e que permitirá a aplicación dos coñecementos a outros contextos e o redeseño de propostas educativas.
- » Un **nivel avanzado** no que se leva a cabo unha avaliación da propia acción nos procesos, seguida dunha proposta de mellora destes. O profesorado comparte os resultados coa súa comunidade e exerce un rol de liderado en procesos de investigación e innovación educativa.

Trátase dun conxunto de actividades (cursos, seminarios, xornadas, grupos de traballo etc.) programadas e secuenciadas para mellorar aspectos concretos dunha competencia ou descriptor competencial particular do modelo. Veñen sendo, no fondo, un mapa-guía ou unha indicación sobre o camiño que hai que seguir para completar unha formación nun determinado aspecto ou temática.

Cada itinerario posibilita o desenvolvemento das competencias para comunicar eficazmente, usar metodoloxías variadas e reforzar unha convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero. Segundo imos realizando as actividades que compoñen o itinerario, podemos, de maneira progresiva, lograr o perfeccionamento dunha ou varias competencias profesionais nun nivel concreto.



COMO AXUDAN OS ITINERARIOS NO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL?

Os itinerarios formativos axudan a trazar unha folla de ruta para desenvolver aqueles aspectos susceptibles de mellora no desempeño das funcións docentes. O modelo de Competencias Profesionais Docentes garante que individuos e sociedade se adapten ás tendencias de cambio no xeito en que vivimos e traballamos. Os itinerarios asociados a este modelo permiten **anticipar** (xerando e compartindo información das necesidades e demandas de habilidades); **adaptarse** (conectando a educación e a formación cos retos urxentes e importantes) e **avaluar o impacto** (monitorizando e provendo retroacción sobre o efecto dos programas ou as políticas nas habilidades desexadas).

Se ben son ferramentas flexibles que están pensadas para ser adaptadas ás necesidades específicas da persoa docente ou do centro educativo, axudan á hora de estruturar e secuenciar a formación do profesorado, primeiro, porque están organizados por niveis; e segundo, porque seguen unha orde lóxica tendo como obxectivo último a transferencia á aula e a mellora da práctica docente de maneira sostida e sostible no tempo.

É importante ter en conta que algúns itinerarios teñen un enfoque claramente globalizador e, polo tanto, cómpre abordalos como centro educativo para poder avanzar. É o caso, por citar dous exemplos, dos itinerarios de internacionalización e innovación. Aínda así, en todos eles ofrécese opcións de formación a nivel individual e de centro en diversos formatos: actividades de carácter presencial, na Rede ou mixtas.



CANTOS ITINERARIOS FORMATIVOS SE OFERTAN NO PRESENTE CURSO ACADÉMICO?

O Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2026/27 inclúe **19 itinerarios formativos e 6 propostas formativas** que se detallan de seguido.

Cada itinerario consta dunha serie variable de actividades secuenciadas. Co fin de adecuarse ás necesidades e contexto do persoal docente, estas actividades son variadas e poden pertencer ás diversas modalidades, que se recollen a continuación:

- » Actividades de formación individual en CFR/CAFI: congresos, cursos, encontros e xornadas.
- » Formación en centros: a través de Plans de Formación Permanente do Profesorado, Grupos de Traballo ou Seminarios.
- » Formación na Rede a través de Platega.
- » Formación asociada a diferentes plans e proxectos.

De seguido, debúllanse os itinerarios agrupados baixo o paraugas das cinco liñas de traballo, así como as propostas formativas dirixidas a colectivos específicos.



LIÑA 1: DIDÁCTICA

A liña didáctica ten como obxectivo prioritario proporcionarlle á persoa docente as estratexias e recursos necesarios para ser impulsora e guía, fomentando a creación dun espazo de aprendizaxe que desenvolva a autonomía do alumnado, responda ás súas necesidades específicas e camiñe da man dos avances da sociedade e da ciencia actual.

Todas estas cuestións recóllense nos seis itinerarios que compoñen a liña didáctica e que se axustan á normativa actual. Son os seguintes:

1. **Itinerario de desenvolvemento curricular**
2. **Itinerario de metodoloxías didácticas**
3. **Itinerario de deseño e desenvolvemento de proxectos STEM**
4. **Itinerario de Polos creativos**
5. **Itinerario de fomento da competencia matemática**
6. **Itinerario de fomento da competencia lectora**



ITINERARIO DE DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

O coñecemento, a análise e a aplicación do currículo na práctica docente ocupan un lugar central na liña didáctica. Este itinerario ten como finalidade acompañar o profesorado no proceso de planificación, desenvolvemento e avaliación das propostas educativas, favorecendo a coherencia entre os documentos institucionais do centro, a programación didáctica e a práctica na aula.

Para acadar este obxectivo, resulta necesario avanzar na comprensión dos elementos do currículo e das súas concrecións nos distintos niveis de planificación, así como no deseño de propostas didácticas contextualizadas que favorezan a participación activa do alumnado e respondan ás necesidades do contexto educativo.

O itinerario estrutúrase arredor de tres ámbitos fundamentais do desenvolvemento curricular: a **programación e concreción curricular**, o **desenvolvemento didáctico das áreas e ámbitos** e a **avaliación**, entendida como un proceso integrado na planificación e no desenvolvemento das situacións de aprendizaxe.

O itinerario de desenvolvemento curricular busca atender as seguintes necesidades formativas:

- » Afondar no coñecemento dos elementos do currículo e na súa concreción nos distintos niveis de planificación.
- » Facilitar o deseño e a revisión de programacións didácticas e propostas educativas contextualizadas.
- » Promover o desenvolvemento de propostas didácticas que favorezan a participación activa do alumnado e a conexión dos contidos curriculares coa realidade.
- » Impulsar procesos de avaliación competencial que permitan analizar as evidencias de aprendizaxe e orientar a mellora da práctica docente.
- » Favorecer o traballo colaborativo do profesorado na elaboración, revisión e mellora das propostas educativas e dos documentos institucionais do centro.



PROGRAMACIÓN E CONCRECIÓN CURRICULAR

- » Revisión das fontes lexislativas e dos elementos do currículo.
- » Comprensión da relación entre o currículo, o perfil de saída e a concreción curricular.
- » Elaboración da programación didáctica e planificación do proceso de ensino e aprendizaxe.
- » Uso de ferramentas institucionais para a planificación e o seguimento da programación didáctica.
- » Análise da concreción curricular e da súa integración no proxecto educativo de centro.
- » Relación entre currículo, plans educativos e organización pedagóxica do centro.
- » Deseño de propostas curriculares contextualizadas e conectadas con realidades sociais, culturais e ambientais.
- » Deseño e revisión da programación didáctica desde unha perspectiva competencial e interdisciplinar.
- » Programación integrada a través de ámbitos e proxectos educativos.
- » Integración dos procesos de avaliación competencial na planificación curricular.
- » Participación na elaboración, revisión e mellora dos documentos institucionais do centro relacionados co desenvolvemento curricular.



DESENVOLVEMENTO DIDÁCTICO DAS ÁREAS E ÁMBITOS

- » Aplicación de propostas didácticas específicas nas diferentes áreas e ámbitos do currículo.
- » Deseño de tarefas e proxectos que favorezan a creatividade, a expresión e a participación activa do alumnado.
- » Uso de recursos, materiais e estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento curricular en contextos artísticos, musicais, expresivos e deportivos.
- » Integración de experiencias prácticas e propostas de iniciación en diferentes ámbitos educativos.
- » Deseño e aplicación de propostas didácticas contextualizadas nas distintas áreas e ámbitos.
- » Aplicación de metodoloxías activas e enfoques competenciais nas áreas artísticas, musicais, corporais e deportivas.
- » Desenvolvemento de experiencias de aprendizaxe vinculadas ás necesidades do alumnado.
- » Deseño e implementación de situacións de aprendizaxe interdisciplinares e contextualizadas.
- » Desenvolvemento de propostas didácticas baseadas na integración de saberes de diferentes áreas ou ámbitos.
- » Implementación e análise de experiencias de innovación educativa vinculadas ao currículo.
- » Coordinación e colaboración entre equipos docentes para a mellora das prácticas educativas.



AVALIACIÓN

- » Aproximación á avaliación das competencias clave no marco curricular.
- » Relación entre os criterios de avaliación, a planificación e o desenvolvemento das propostas didácticas.
- » Seguimento da programación e do proceso de ensino e aprendizaxe na práctica docente.
- » Deseño de instrumentos de avaliación competencial e formativa.
- » Regulación da aprendizaxe a través de estratexias de retroacción, metacognición e seguimento.
- » Uso de ferramentas dixitais institucionais para a avaliación e o rexistro da adquisición das competencias.
- » Vinculación da avaliación cos obxectivos de aprendizaxe e cos criterios de avaliación do currículo.
- » Integración da avaliación competencial no deseño das programacións didácticas e das situacións de aprendizaxe.
- » Deseño e aplicación de instrumentos e procedementos de avaliación competencial.
- » Análise das evidencias de aprendizaxe do alumnado para a mellora da práctica docente.
- » Reflexión e toma de decisións a partir dos resultados da avaliación no contexto da innovación educativa.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE METODOLOXÍAS DIDÁCTICAS

Este itinerario dá resposta aos procesos de aprendizaxe e de xestión da aula, cuxo desenvolvemento resulta fundamental na liña didáctica. Para acadar este obxectivo, cómpre afondar no coñecemento e na aplicación de metodoloxías didácticas activas, de carácter innovador e inclusivo, deseñadas para seren levadas á práctica en contextos educativos diversos e en espazos de aprendizaxe flexibles.

Este itinerario pretende apoiar o profesorado para deseñar e implementar propostas didácticas que favorezan a participación activa do alumnado, a cooperación e a creación de contornas de aprendizaxe que impulsen a autonomía, a creatividade e a aprendizaxe significativa.

Ao longo do itinerario promóvese unha progresión que vai desde a comprensión dos principios das metodoloxías activas e da súa aplicación na práctica docente ata a realización de experiencias educativas máis complexas, baseadas na colaboración, na innovación educativa e na análise da práctica docente.

O itinerario de metodoloxías didácticas pretende abordar as seguintes necesidades formativas:

- » Identificar os principios básicos que propicien unha aprendizaxe significativa e a participación activa do alumnado.
- » Facilitar o deseño de propostas didácticas inclusivas e colaborativas nos distintos niveis educativos.
- » Potenciar o uso de metodoloxías activas que favorezan a atención á diversidade e o traballo interdisciplinar.
- » Prover ao profesorado de estratexias para a organización da aula e a transformación dos espazos educativos como apoio ás metodoloxías activas.
- » Fomentar a colaboración e a cooperación entre o alumnado como elementos clave no proceso de ensino e aprendizaxe.

**ITINERARIO METODOLOXÍAS DIDÁCTICAS**

- » Metodoloxías activas para fomentar a innovación e a inclusión educativa.
 - » Deseño de propostas didácticas inclusivas e colaborativas.
 - » Introducción á neurodidáctica e á súa aplicación na práctica docente.
 - » Uso de estratexias de xestión da aula vinculadas á organización e transformación dos espazos de aprendizaxe.
 - » Aproximación á avaliación competencial.
-
- » Deseño de propostas que favorezan a autonomía e a creatividade do alumnado.
 - » Relación das metodoloxías activas cos elementos curriculares.
 - » Desenvolvemento de redes de comunicación e colaboración na aula.
 - » Aplicación práctica das metodoloxías activas e análise dos procesos de avaliación asociados.
 - » Uso de recursos para favorecer a colaboración, a cooperación e as dinámicas de cohesión do grupo.
-
- » Desenvolvemento do modelo de escola activa mediante a programación por ámbitos.
 - » Deseño e aplicación de instrumentos e procedementos de avaliación. Propostas de mellora.
 - » Análise das boas prácticas educativas no traballo interdisciplinar.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE DISEÑO E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS STEM

O itinerario de deseño e desenvolvemento de proxectos STEM ten como obxectivo principal darlles unha proposta organizada e interdisciplinar ás necesidades formativas do ámbito STEM en xeral e dos distintos programas de innovación educativa neste ámbito (Club de Ciencia, STEMBach etc.) en particular. Este itinerario, alén de promover o desenvolvemento de proxectos STEM, potencia a cultura maker nos centros educativos. Así mesmo, incorpora metodoloxías activas complementarias e de especial interese neste eido, como o pensamento de deseño.

En consecuencia, o itinerario aborda as necesidades formativas sinaladas e estrutúrase en catro bloques de contido que constitúen os seus eixes principais. Son os seguintes:

- » **A investigación científica**, que abrangue todo o relacionado co deseño e implementación de proxectos de ciencia, as técnicas experimentais, o pensamento científico, o desenvolvemento sostible e as metodoloxías activas en ciencia.
- » **As ferramentas tecnolóxicas aplicadas ao ámbito STEM**, que abordan aspectos relativos á electricidade e á electrónica, ao prototipado e ao emprego das distintas ferramentas maker, aos sistemas de control, ao deseño vectorial e á creación de contidos audiovisuais.
- » **A alfabetización computacional**, que traballa os robots educativos e as placas programables nas distintas etapas e a programación asociada a estes (desenchufada, por bloques e linguaxes de programación), xunto coa drónica didáctica e a Internet das cousas (IoT).
- » **As tecnoloxías inmersivas** que dan cabida aos principios básicos da realidade virtual (RV) e da realidade aumentada (RA), á súa aplicación na aula e á creación de contidos e experiencias con ambas tecnoloxías.

**INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA. DISEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE PROXECTOS DE CIENCIA**

- » Proxectos de investigación científica.
- » Documentación e difusión multicanle de proxectos.
- » Deseño de Situacións de aprendizaxe STEM.
- » Ciencia sostible ODS.
- » Club de ciencia.
- » Deseño e implementación de Situacións de aprendizaxe STEM.
- » Laboratorios innovadores.
- » Investigación científica.
- » STEM Bach.
- » Implementación de proxectos interdisciplinares.
- » Formación específica en centros e intercentros (GT e S).

**FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS APLICADAS AO ÁMBITO STEM**

- » Electricidade e electrónica.
- » E-téxtiles.
- » Radio.
- » Impresión 3D.
- » Deseño vectorial.
- » Creación de contidos audiovisuais.
- » Cinema na aula.
- » E-téxtiles.
- » Deseño 3D.
- » Cortadora láser.
- » Sistemas de control automático.
- » Sensores e actuadores.
- » Escaneado e deseño 3D.
- » Implementación de proxectos que impliquen diversas metodoloxías maker.
- » Formación específica en centros e intercentros (GT e S).

**ALFABETIZACIÓN COMPUTACIONAL**

- » Pensamento computacional.
- » Robótica educativa e programación.
- » Placa Microbit.
- » IoT na aula.
- » Placas programables.
- » Raspberry Pi.
- » Arduino Blocks.
- » Drónica didáctica.
- » Integración da IoT e a domótica.
- » Integración curricular da robótica e a programación.
- » Códigos de programación (Python).
- » Formación específica en centros e intercentros (GT e S).



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE POLOS CREATIVOS

O itinerario Polos creativos ten como obxectivos principais promover a utilización efectiva da dotación do programa Polos creativos acompañada de metodoloxías activas, da transformación de espazos e do desenvolvemento e da difusión de proxectos xunto a superación de retos. Deste xeito, poténciase a creatividade, a experimentación e a adquisición de novas habilidades e destrezas.

Este itinerario é a base do desenvolvemento dunha das accións que se contemplan no Programa Código Escuela 4.0, incluída no *Plan de Digitalización y de las Competencias Digitales del Sistema educativo* (Plan #DigEdu). Para responder a esta actuación, estrutúrase unha resposta a través da capacitación e actualización do profesorado mediante diversas accións formativas concretas que terán encaixe nos bloques temáticos propostos e cuxos títulos iranse concretando progresivamente para dar respostas ás diversas necesidades e retos.

O presente itinerario está estruturado en nove bloques temáticos que dan cabida aos grandes focos de interese. Está dirixido a docentes vinculados aos Polos creativos, Polos creativos Plus e aos Polos creativos demostradores, tanto na Rede de Formación do Profesorado, como nos novos abertos en colaboración coas Universidades galegas.

- 1. Metodoloxías.** Co obxectivo de enriquecer as prácticas educativas e fomentar a innovación pedagóxica, desenvólvense propostas formativas orientadas a proporcionarlle ao persoal docente novos enfoques educativos. Estes enfoques fomentan a colaboración entre os axentes educativos creando ambientes de aprendizaxe equitativos e inclusivos.
- 2. Prototipado e cultura maker.** A formación céntrase no desenvolvemento de habilidades relacionadas co prototipado 2D e 3D e na animación dixital. Promóvese a experimentación e a aprendizaxe práctica mediante o deseño e creación de prototipos en distintos formatos.
- 3. Creación audiovisual.** Diríxese á produción e difusión de contidos dixitais, facilitando o desenvolvemento de competencias técnicas e creativas no uso de recursos de imaxe e son. A formación inclúe o aproveitamento da radio e dos dispositivos móbiles como ferramentas para a comunicación e expresión artística.
- 4. Pensamento computacional e robótica.** O obxectivo é integrar o pensamento computacional nas metodoloxías de ensino dun xeito transdisciplinar e potenciar as diferentes linguaxes de programación empregando a ampla dotación robótica e equipamento dos Polos creativos.

5. **Tecnoloxías transformadoras.** Explórase o potencial educativo da intelixencia artificial e a análise de datos, promovendo o seu uso didáctico e crítico coñecendo sempre a normativa básica para un uso axeitado.
6. **Ciencia e a tecnoloxía nos kits singulares.** Propóñense actividades que permitan un uso efectivo e pedagógico de determinados kits tecnolóxicos dispoñibles para os Polos creativos. Preténdese maximizar o aproveitamento destes recursos para fortalecer a formación en ciencias e tecnoloxía mediante experiencias prácticas.
7. **A tecnoloxía aeroespacial.** Cóntase con actividades relacionadas coa astronomía e co espazo que fomentan o pensamento crítico e a resolución de problemas, integrando coñecementos de electrónica, programación e enxeñaría cos principios da tecnoloxía espacial e as súas aplicacións prácticas.
8. **Investigación científica.** A formación enfocárase a coñecer e aplicar rigorosamente os métodos da Ciencia na aula que son a base de proxectos de investigación promovidos polo estudantado no ecosistema de Polos creativos. As investigacións terán como finalidade abordar unha problemática detectada na contorna próxima e unha exposición científica nun congreso escolar. En función da calidade dos traballos, poderá incluír a correspondente publicación científica. Esta formación está orientada a formar e acompañar o profesorado nos proxectos de investigación nos Polos creativos.
9. **Formación de persoas formadoras.** Dirixida a persoas con coñecementos metodolóxicos e técnicos previos relacionados coa dotación do programa Polos creativos que vaian impartir docencia en actividades formativas de todo tipo. Esta formación céntrase na filosofía que sustenta o programa, nas liñas de traballo e noutro material de Polos creativos que non sexa o do seu ámbito de especialidade, no coñecemento das liñas formativas da CECUFP, na accesibilidade e inclusión, na normativa específica de protección de datos e IA, na identidade corporativa etc.

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABALLOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE**METODOLOXÍAS**

- » Metodoloxías activas e participativas.
- » Inclusión e accesibilidade universal.
- » Avaliación formativa e retroalimentación.

**PROTOTIPADO E CULTURA MAKER**

- » Prototipado dixital 2D e mecanizado.
- » Prototipado dixital 3D e fabricación aditiva.
- » Animación dixital e novas técnicas.

**DOCUMENTACIÓN E DIFUSIÓN CREACIÓN AUDIOVISUAL**

- » Producción sonora, musical e de efectos de son.
- » Producción audiovisual con dispositivos móbiles.
- » Producción audiovisual e animación.

**PENSAMENTO COMPUTACIONAL PROGRAMACIÓN E ROBÓTICA**

- » Linguaxe de programación por bloques.
- » Linguaxe de programación co IDE Arduino.
- » Linguaxe de programación Python.

**TECNOLOXÍAS TRANSFORMADORAS**

- » Ética e riscos/oportunidades da Intelixencia Artificial.
- » Aprendizaxe automática e robótica con Intelixencia Artificial.
- » Análise de datos e Big Data.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABALLOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE**CIENCIA E TECNOLOXÍA NOS KITS SINGULARES**

- » A investigación e divulgación científicas.
- » Desenvolvemento de competencias para a enxeñaría.
- » Integración curricular da investigación na fronteira do coñecemento: I+G+I.

**POLOS CREATIVOS AEROESPACIAIS**

- » Astronomía e ciencias do espazo.
- » Iniciación á tecnoloxía aeroespacial.
- » Deseño aeroespacial avanzado.

**FORMACIÓN DE FORMADORES**

- » Formación de formadores nos Polos creativos.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE FOMENTO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

A proposta do itinerario para o fomento da competencia matemática constitúe unha mostra do compromiso coa formación permanente do profesorado e a innovación educativa en liña co enfoque competencial promovido pola LOMLOE e coa implementación do currículo galego.

O itinerario preséntase como unha guía para o desenvolvemento profesional docente, dirixida a mellorar a práctica educativa e articúlase arredor dos seguintes obxectivos:

- » Promover o desenvolvemento dos sentidos matemáticos a través dun ensino activo, significativo e contextualizado, baseado en fundamentos didácticos e metodolóxicos sólidos, orientados á construción dun coñecemento comprensivo e funcional.
- » Impulsar a incorporación de metodoloxías activas e innovadoras, así como o uso de ferramentas dixitais, para consolidar as aprendizaxes.
- » Favorecer a contextualización das aprendizaxes e o desenvolvemento da representación e comunicación matemática, potenciando a comprensión e expresión das ideas matemáticas en diferentes contextos.
- » Desenvolver estratexias e recursos para a avaliación formativa e competencial, baseadas na análise de evidencias de aprendizaxe, que contribúan á mellora continua da práctica docente.
- » Axustar a oferta formativa ás necesidades dos centros e do alumnado, a partir da análise do contexto, dos resultados obtidos nos procesos de avaliación e dos seus plans de mellora, mediante propostas flexibles integradas nos PFPP que contribúan á mellora dos resultados e ao desenvolvemento da competencia matemática.

Desde esta perspectiva, o itinerario adopta un enfoque eminentemente práctico, sustentado nos procesos matemáticos, resolución de problemas, razoamento e proba, comunicación e representación, e no desenvolvemento dos distintos sentidos matemáticos.

En definitiva, esta proposta contribúe a reforzar o liderado pedagóxico do profesorado e a impulsar a mellora continua da práctica docente, orientada ao desenvolvemento dunha competencia matemática sólida, funcional e crítica no alumnado.

**O SENTIDO MATEMÁTICO: DOS SABERES BÁSICOS Á EXPERIENCIA**

- » Os elementos curriculares de matemáticas en contextos reais.
- » Reflexión sobre experiencias de aprendizaxe.
- » Os sentidos matemáticos a través da vivenciación, exploración e experimentación na aula.
- » A atención á diversidade na aula de matemáticas.
- » A resolución de problemas no ensino de matemáticas.
- » Situacións de aprendizaxe con enfoque interdisciplinar.
- » Participación activa en centros, intercentros, GT e S.

**APRENDIZAXE ACTIVA E EXPERIMENTAL**

- » Metodoloxías activas na aula de matemáticas.
- » Estratexias e dinámicas para traballar os procesos matemáticos.
- » Actividades manipulativas e experimentais para a reflexión e comprensión matemática.
- » Proxectos multidisciplinares que favorezan a recollida e análise de información, a investigación e o pensamento crítico.
- » Participación activa en centros, intercentros, GT e S.

**CONTEXTUALIZACIÓN. REPRESENTACIÓN E COMUNICACIÓN**

- » Materiais manipulativos e dixitais para apoiar o ensino das matemáticas.
- » Ferramentas dixitais básicas para a representación e exploración matemática.
- » Roteiros e aplicacións dixitais para experimentar as matemáticas tanto dentro coma fóra da aula.
- » Ferramentas dixitais innovadoras en diferentes contextos.
- » Análise e tratamento de datos para obter e comunicar información.
- » Participación activa en centros, intercentros, GT e S.

**ESTRATEGIAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN**

- » A avaliación formativa na aula de matemáticas para a mellora da práctica docente.
- » A avaliación nas situacións de aprendizaxe e proxectos interdisciplinares.
- » Documentación e análise de evidencias de aprendizaxe para mellorar a práctica docente.
- » Participación activa en centros, intercentros, GT e S.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

MÓDULOS FORMATIVOS PARA PFPP

As actividades propostas para os PFPP están incluídas na oferta modular e estrutúranse arredor de dous eixos comúns ás etapas educativas referidas na táboa:

1. A mellora da competencia matemática do alumnado.
2. A codocencia e o acompañamento entre docentes.



EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- » Exploración dos sentidos matemáticos.
- » Procesos matemáticos.
- » Metodoloxías activas, vivenciais, manipulativas e inclusivas.
- » Deseño e aplicación de situacións de aprendizaxe.
- » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

- » Deseño e avaliación de tarefas con enfoque competencial para a aula de matemáticas.
- » Metodoloxías activas e inclusivas.
- » Deseño de propostas interdisciplinarias.
- » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE FOMENTO DA COMPETENCIA LECTORA

A comprensión lectora constitúe un eixe fundamental no desenvolvemento cognitivo e educativo do alumnado. Non se trata só da adquisición da capacidade de ler palabras, senón de entender, seleccionar, avaliar e procesar a información de maneira crítica, establecendo así a base para o pensamento reflexivo e o aprendizaxe significativo. Ler é, en palabras sinxelas, un camiño desde a linguaxe ao pensamento, unha manipulación interna da información que require práctica sostida e acompañamento educativo. A lectoescritura, a adquisición da lectura e a comprensión lectora están estreitamente ligadas ao desenvolvemento intelectual e á escolarización, facendo da competencia lectora unha responsabilidade compartida entre o profesorado e o sistema educativo.

O contexto educativo actual, con grandes fluxos de información, fai que a competencia lectora non poida abordarse como un obxectivo illado. Tal e como sinalan informes nacionais e internacionais, o reforzo da competencia lectora require formación docente continuada, recursos, acompañamento e estratexias para atender a diversidade do alumnado. Os sistemas educativos europeos que adoptan medidas deste tipo —avaliacións diagnósticas, titorización, metodoloxías inclusivas e cultura de colaboración docente— amosan melloras significativas nos resultados de lectura, segundo datos de Eurydice e do estudo TALIS 2024.

A comprensión lectora é un proceso complexo que se constrúe ao longo do tempo, mediante pequenas melloras acumulativas que precisan continuidade e práctica sostida. Neste marco, itinerarios formativos como o que se presenta, xunto co Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA), constitúen ferramentas clave para apoiar o profesorado na mellora da competencia lectora do alumnado, fomentando unha educación de calidade baseada na comprensión e no pensamento crítico.

Co obxectivo de apoiar o profesorado na mellora desta competencia, preséntase este itinerario formativo organizado en catro bloques temáticos:

1. Comprensión oral e escrita
2. Expresión oral e escrita
3. Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (PLEA)
4. Lectura e escritura en contextos sociais e dixitais

**COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA**

- » Bases neurológicas da aprendizaxe da lectura e escritura.
- » Atención á diversidade na aprendizaxe da lectura e da escritura.
- » Modelos e estratexias de lectura e escritura.
- » Lectura e comprensión lectora.
- » A comprensión lectora para o éxito escolar.
- » Pautas para promover a lectura.
- » A relación entre os textos e as imaxes: lecturas ilustradas.
- » Deseño de propostas para a mellora da comprensión oral e escrita.
- » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).

**EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA**

- » Actividades de animación á escritura na aula.
- » A escritura como ferramenta de aprendizaxe.
- » A escritura dixital e colaborativa.
- » Os contos como recurso didáctico.
- » A escritura creativa na aula.
- » Técnicas de dinamización e ludificación da expresión oral e escrita.
- » O pracer da escritura.
- » Deseño de propostas para a mellora da expresión oral e escrita.
- » O traballo coas tipoloxías textuais.
- » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).

**PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN (PLEA)**

- » Deseño e desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información.
- » A formación de lectores/as competentes.
- » Mediación lectora e prácticas interdisciplinares.
- » Actualización e desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información.
- » Novas metodoloxías e ferramentas no deseño do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información.
- » Itinerarios lectores.
- » PLEA. Afondamento metodolóxico, creación de comunidades e difusión de resultados.
- » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

● MODELO
FORMACIÓN

● COMPETENCIAS
PROFESIONAIS

● LIÑAS DE
TRABALLO

● ITINERARIOS
FORMATIVOS

● CONVOCATORIAS
XERAIS

● NORMAS
XERAIS

● INFORMACIÓN
INTERESE



LECTURA E ESCRITURA EN CONTEXTOS SOCIAIS E DIXITAIS

- » Novos soportes e formatos para as prácticas de lectura e escritura.
 - » A lectura e a escritura como práctica social compartida.
 - » Mediación lectora.
 - » Autonomía lectora.
-
- » Alfabetización mediática.
 - » Lectura e pensamento crítico.
 - » Detección de discursos manipuladores e estratexias.
-
- » Comunidades lectoras no ámbito educativo.
 - » Deseño de propostas para o traballo coa lectura e escritura en contextos sociais e dixitais.
 - » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).




Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado




LIÑA 2: DIXITAL

A transformación dixital constitúe un eixo estratéxico do sistema educativo galego, en consonancia coa LOMLOE e co Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente (MRCDD), aliñado co marco europeo DigCompEdu e coa futura Lei de educación dixital de Galicia.

A integración efectiva das tecnoloxías dixitais implica o desenvolvemento de metodoloxías activas, a creación de contornas de aprendizaxe accesibles, a avaliación competencial, a protección de datos e o fortalecemento da cidadanía dixital responsable. Así mesmo, contribúe á transformación organizativa dos centros educativos, impulsando procesos de dixitalización sostible, coordinación pedagóxica e mellora continua.

Para abordar estes retos, a formación estrutúrase en itinerarios formativos orientados á capacitación do profesorado e á consolidación dunha cultura dixital nos centros educativos:

- 1. Dixitalización do centro e da comunidade educativa**
- 2. Contidos educativos dixitais**
- 3. Metodoloxías dixitais**
- 4. E-Dixgal**
- 5. Intelixencia artificial**



DIXITALIZACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Desenvolve actividades relacionadas co emprego das ferramentas administrativas dixitais para a xestión e a comunicación coa administración, o centro, as familias e o alumnado.

Área 1 MRCDD.



INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS NO CENTRO EDUCATIVO, NOS PROCESOS DE COMUNICACIÓN, ORGANIZACIÓN, XESTIÓN, COLABORACIÓN E REFLEXIÓN

- » Web do centro.
- » Maqueta Abalar.
- » EVA.
- » Formación para a acreditación da Competencia dixital docente no nivel A1/A2.
- » Uso seguro e responsable das redes e das TIC.
- » Aplicacións PROENS.
- » Administración da aula virtual do centro.
- » Formación para a acreditación da Competencia dixital docente no nivel B1/B2.
- » Administración avanzada da aula virtual.
- » Administración avanzada da web do centro.

CONTIDOS EDUCATIVOS DIXITAIS

Proposta de actividades relacionadas co ámbito de contidos dixitais de calidade para a docencia así como formación do alumnado no tratamento da información e creación de contidos dixitais vencellados prioritariamente ao proxecto cREAgal.

Áreas 2 e 3 MRCDD.



BUSCA, AVALIACIÓN, CREACIÓN E MODIFICACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS DE CALIDADE

- » Contidos educativos de son, imaxe e vídeo.
- » LibreOffice.
- » LibreCad.
- » Uso de licenzas abertas e respecto dos dereitos de autoría.
- » Formación para a acreditación da Competencia dixital docente no nivel A1/A2.
- » Ferramentas de autoría.
- » eXeLearning H5P.
- » REA de calidade baseados en SdA. O proxecto cREAgal.
- » Tratamento da información.
- » Formación asociada ao proxecto cREAgal.
- » Formación para a acreditación da Competencia dixital docente no nivel B1/B2.
- » Estratexias para a xestión de contidos dixitais do centro.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

METODOLOXÍAS DIXITAIS

Actividades destinadas á formación docente para a integración das tecnoloxías dixitais nos procesos de ensinanza - aprendizaxe e avaliación, atendendo ás diferenzas persoais e a inclusión e compromiso activo do alumnado coa súa propia aprendizaxe.

Áreas 3, 4 e 5 MRCDD.



INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS NOS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE E AVALIACIÓN

- » Accesibilidade e ferramentas dixitais.
 - » Paneis dixitais.
 - » Moodle.
 - » E-Dixgal.
 - » Traballo colaborativo na aula virtual.
 - » Formación para a acreditación da Competencia dixital docente no nivel A1/A2.
-
- » Portafolio Agueiro.
 - » Aula invertida.
 - » Avaliación nas ferramentas institucionais.
 - » Gamificación con ferramentas dixitais.
 - » Formación avanzada en E-Dixgal.
 - » Aproveitamento avanzado de Moodle.
 - » Formación para a acreditación da Competencia dixital docente no nivel B1/B2.
-
- » Estratexias para a mellora continua do centro.

E-DIXGAL

Actividades encamiñadas á capacitación do profesorado para efectuar a integración de tecnoloxías dixitais e recursos analóxicos nun modelo de ensino híbrido que favorece unha ensinanza máis dinámica, accesible e personalizada, para o desenvolvemento de competencias clave no alumnado atendendo ás diversas realidades das familias.

Todas as áreas MRCDD.



PROFESORADO: MANEXO DA PLATAFORMA

- » Introducción aos recursos de E-Dixgal (plataforma EVA) cREAgal.
 - » Fundamentos de Moodle.
-
- » Profundización para o profesorado E-Dixgal.
 - » Formación avanzada en E-Dixgal.
 - » Modelo híbrido E-Dixgal.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado


 MODELO
FORMACIÓN


 COMPETENCIAS
PROFESIONAIS


 LIÑAS DE
TRABALLO


 ITINERARIOS
FORMATIVOS


 CONVOCATORIAS
XERAIS


 NORMAS
XERAIS


 INFORMACIÓN
INTERESE


PERSOAS COORDINADORAS: COORDINACIÓN E DINAMIZACIÓN

- » Formación para coordinación E-Dixgal.
- » Dinamización E-Dixgal para as persoas coordinadoras.
- » Integrando o coñecemento con E-Dixgal.



DIRECTIVA DOS CENTROS: LIDERADO DIXITAL

- » Formación E-Dixgal para os equipos directivos dos centros.
- » Liderado dixital.



FAMILIAS: COÑECEMENTO DO PROGRAMA: ENAPAS

Dentro do PFPP

- » Xornadas de información sobre o programa.

Fóra do PFPP

- » Xornadas de divulgación sobre o programa.

Obradoiros

- » Estratexias para mellora continua do centro.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE FORMACIÓN EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

A finalidade deste itinerario é proporcionar un marco estruturado que oriente o desenvolvemento profesional do profesorado ante os desafíos e as oportunidades que expón a intelixencia artificial (IA) no ámbito educativo, en consonancia coa Lexislación vixente en materia dixital. O plan busca promover un uso educativo, ético e pedagoxicamente significativo da IA nos contextos escolares, aliñado cos principios de seguridade, transparencia e non discriminación establecidos na Lei de Intelixencia Artificial da Unión Europea⁷. Así mesmo, responde aos fins de capacitación dixital e modernización do sector público recollidos na Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia, así como ás orientacións do marco de competencias en intelixencia artificial para o alumnado da UNESCO (UNESCO, 2024), que promove o desenvolvemento de capacidades críticas, creativas e responsables no uso destas tecnoloxías.

En definitiva, procúrase favorecer o desenvolvemento integral do alumnado e reforzar o compromiso do profesorado cunha educación crítica, inclusiva e centrada nos valores humanos.

A formación vertébrase baseándose en tres bloques, derivados dos cinco definidos pola UNESCO no Marco de Competencia sobre a intelixencia artificial para docentes:

- 1. Dimensión ética, humanista e social da IA:** abórdase o desenvolvemento dunha conciencia crítica, ética e transformadora do profesorado respecto ao uso da intelixencia artificial na educación e na sociedade.
- 2. Fundamentos e aplicacións da IA, visión pedagóxica e uso didáctico:** a finalidade é dotar o profesorado dos coñecementos técnicos esenciais e as competencias críticas necesarias para analizar, adaptar e aplicar ferramentas de IA en educación, así como para incorporar a IA de maneira pedagóxica e estratéxica nas prácticas docentes, con base en criterios éticos.
- 3. IA para o desenvolvemento profesional:** promóvese o aproveitamento da IA para o desenvolvemento profesional colaborativo e reflexivo do profesorado.

⁷ Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial e polo que se modifican os Regulamentos (CE) n° 300/2008, (UE) n° 167/2013, (UE) n° 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1139 y (UE) 2019/2144 e as Directivas 2014/90/UE, (UE) 2016/797 e (UE) 2020/1828

Segundo este modelo da UNESCO e en concordancia co modelo galego de Competencias Profesionais Docentes, o itinerario artéllase en tres niveis competenciais cos seguintes obxectivos específicos:

- » **Nivel básico:** destinado a adquirir nocións básicas para empregar ferramentas de IA de forma ética, recoñecendo os seus beneficios e riscos no ámbito educativo.
- » **Nivel medio:** que ten como meta a integración da IA na educación de maneira crítica, ética e inclusiva, respectando políticas e privacidade e mellorando o ensino.
- » **Nivel avanzado:** cuxo obxectivo é o liderado no uso crítico e creativo da IA, adaptando ferramentas, influíndo en políticas e impulsando solucións educativas innovadoras.

O itinerario presenta unha proposta de actividades formativas destinadas a todos os corpos, ademais de actividades dirixidas a colectivos específicos, nos niveis medio e avanzado, como son: os equipos directivos, o persoal asesor de formación, a inspección e as persoas relatoras.



FORMACIÓN XERAL

- » Introducción á Intelixencia Artificial na educación (na Rede).
- » IA para a xestión docente.
- » Creación de recursos dixitais con IA.

AFI

- » A IA no deseño de situacións de aprendizaxe (na Rede).
- » Competencias do alumnado en IA (infantil e primaria).
- » Competencias do alumnado en IA (secundaria).
- » Intelixencia artificial e sociedade.
- » Tecnoloxías intelixentes.

AFI

- » Adaptación de modelos de linguaxe específicos de IA para usos educativos.
- » Desenvolvemento de aplicacións para a personalización, a avaliación e a retroalimentación.
- » Desenvolvemento de modelos de IA para atender a diversidade dentro da aula.
- » Uso da IA en proxectos de Innovación e investigación Educativa (análise de datos).

Comunidades de Observación e Aprendizaxe (COA) - GT - Seminario.



ESPECIALISTAS EN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- » A IA na resposta especializada á atención á diversidade.

- » A IA para o avance na atención á diversidade (GT).



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABALLOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE**EQUIPOS DIRECTIVOS**

- » A IA na xestión do centro educativo.
- » A IA para o liderado educativo e a calidade (GT).

**INSPECCIÓN**

- » A IA na xestión da inspección educativa.
- » A IA na avaliación e mellora do sistema educativo.

**PERSOAL ASESOR DE FORMACIÓN**

- » A IA na xestión da formación.
- » A IA no deseño da formación do profesorado.

**PERSOAL RELATOR**

- » Formación en IA do profesorado no contexto normativo galego.




Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado



LIÑA 3: INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN

A UNESCO define a innovación educativa coma “un acto deliberado e planificado de solución de problemas, que apunta a lograr maior calidade nas aprendizaxes do alumnado, superando o paradigma tradicional. Implica transcender o coñecemento academicista e pasar da aprendizaxe pasiva do alumnado a unha concepción onde **a aprendizaxe é interacción e se constrúe entre todos/as**”.

A innovación sistémica vai estreitamente ligada á resposta que a sociedade do coñecemento demanda dos sistemas educativos en termos de transformación e mellora continua. Os informes e medicións da innovación poñen o foco, en concreto, na innovación pedagóxica en relación a cuestións como:

- » Xeneralizouse o uso da tecnoloxía?
- » Melloráronse as prácticas de avaliación?
- » Dotouse de maior autonomía e protagonismo o alumnado?
- » Promoveuse a aprendizaxe significativa?
- » Fomentouse a aprendizaxe entre iguais?

Nun paradigma de innovación sistémica, coma docentes e, moi especialmente como parte dun equipo directivo, cómpre ter unha visión global e estratéxica do que son os procesos de mellora e transformar os centros educativos en espazos que lideren o cambio.

En resumo, a integración da innovación, a investigación e a internacionalización nos centros educativos de niveis preuniversitarios é esencial para mellorar a calidade do ensino e preparar o alumnado para os desafíos dun mundo interconectado. Estas prácticas fomentan a adquisición de competencias globais, promoven a equidade e contribúen ao desenvolvemento de sociedades máis xustas e inclusivas.

Esta liña artéllase en tres itinerarios que desenvolven estes eixes prioritarios:

1. Itinerario de innovación
2. Itinerario de investigación
3. Itinerario de internacionalización

ITINERARIO DE INNOVACIÓN

O itinerario de innovación traballa cara a ese obxectivo de cambio sistémico e parte da base de que a transformación significativa só se pode levar adiante coa colaboración e o compromiso de todos os axentes para traballar en equipo e facer do centro unha organización para a aprendizaxe que trace unha folla de ruta que se poida implementar, revisar e avaliar con carácter cíclico.

Partindo desa premisa, a formación asociada ao nivel básico vai orientada a traballar a competencia en desenvolvemento profesional, así como a competencia en organización escolar e colaboración. Ten como obxectivos identificar prácticas educativas innovadoras, establecer indicadores que permitan medir o seu impacto e deseñar estratexias que garanta a sostibilidade no tempo. Os niveis medio e avanzado parten dun mapeado de talentos do claustro para constituír un equipo de innovación que, co apoio do equipo directivo, deseñe e consolide o plan de innovación no centro educativo.

Ademais, o itinerario favorece o aproveitamento de diferentes iniciativas que apoian aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora. Este plan, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, permite:

- » potenciar un enfoque innovador
- » desenvolver as competencias clave

- » avanzar cara á excelencia educativa
- » incentivar o talento do alumnado
- » promover hábitos de vida saudables
- » impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible
- » mellorar a xestión dos centros



INNOVACIÓN

Motivación, reflexión e investigación.

- » Actitude aberta á investigación educativa como punto de partida da innovación.
- » Análise de necesidades do contexto. Identificar a problemática raíz.
- » Marcación de obxectivos.
- » Transferibilidade: Traballo en equipo e liderado distribuído.

AFI presenciais.

- » Transformación de centros educativos. Estratexias e proxectos innovadores.
- » Descubrindo os nosos talentos. O equipo de innovación.

Outras accións formativas.

- » Plan Sinerxía

Deseño e implementación.

- » Consulta bibliográfica (tendencias e filtros) para elixir o método de innovación máis adecuado.
- » Segundo os obxectivos, redacción duns indicadores (KPIs).
- » Transferencia da innovación proactiva (non reactiva).
- » Deseño dun sistema de avaliación, non tanto para o resultado como para o proceso.
- » Cumprimento das características dunha boa práctica (eficaz, eficiente, sostible e transferible).

Formación específica en centros, intercentros (GT e S).

- » Proceso colaborativo para abordar un reto.

Consolidación, avaliación e investigación.

- » Avaliación, consolidación e revisión do proceso.
- » Divulgación da experiencia.
- » Liderado de proxectos de investigación-acción no ámbito educativo.

Formación específica en centros, intercentros (GT e S).

- » Consolidando o noso proxecto de innovación.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado



ITINERARIO DE INVESTIGACIÓN

Paralelamente, a investigación educativa desempeña un papel esencial e cómpre producila, compartila e facer un uso efectivo dela como fonte de innovación e como chanzo imprescindible para o desenvolvemento profesional docente.

De feito, a OCDE⁸ urxe a mobilizar o coñecemento de maneira eficaz e á construción dun sistema educativo máis baseado na evidencia. Iso axuda a optimizar os recursos dispoñibles, a evitar duplicar esforzos ou a baixa aplicabilidade da investigación na práctica.

As ligazóns entre investigación e práctica docente son motor da innovación en tanto formulan preguntas fundamentais:

- » Cales son os problemas que cómpre abordar?
- » Como emerxe a innovación?
- » Como pode escalarse e manterse no tempo?
- » Cales son as barreiras e os catalizadores da innovación?

Neste sentido, o itinerario de investigación nace da concepción dos/das docentes como profesionais competentes que toman decisións informadas e, coa debida formación e acompañamento, poden levar a cabo investigacións para recoller evidencias, analizar datos e sistematizar boas prácticas.

Partindo desa visión, as actividades que se inclúen no itinerario buscan traballar a competencia en desenvolvemento profesional na súa concreción en investigación educativa e innovación.

O percorrido comeza con actividades formativas de nivel básico de carácter individual orientadas a desenvolver o pensamento crítico na educación e a fundamentar a práctica docente desde o coñecemento científico.

⁸ OECD (2025), Everybody Cares About Using Education Research Sometimes: Perspectives of Knowledge Intermediaries, Educational Research and Innovation, OECD Publishing, Paris. <https://doi.org/10.1787/5ef88972-en>

Unha destas formacións, o curso na Rede “Iniciación á investigación no ámbito educativo”, constitúe o punto de partida cara aos niveis medio e avanzado a través de varios seminarios de formación divididos en tres fases. A idea é que o profesorado vaia adquirindo estratexias para detectar problemas reais e darlles resposta a partir da evidencia, coa finalidade de realizar unha investigación propia, dirixida e acompañada por persoas investigadoras.



INVESTIGACIÓN

Motivación e análise.

Pensamento crítico e docencia informada na evidencia para a reflexión e a mellora.

- » Análise do contexto e detección de necesidades.

Achegamento á metodoloxía de investigación en educación.

- » Formulación dun problema.
- » Busca sistemática e focalizada de documentación científica.

AFI presenciais.

- » O pensamento crítico para a mellora da práctica docente.
- » Achegas da investigación educativa á mellora da práctica docente.

AFIs na Rede (Platega).

- » Da investigación educativa á aula.
- » Iniciación á investigación no ámbito educativo (Fase 0).*

Planificación e deseño.

Identificación de necesidades de mellora vencelladas á práctica profesional.

- » Técnicas e ferramentas de compilación e análise.
- » Busca de documentación científica.
- » Formulación do problema de investigación e obxectivos.

Seminario intercentros Fase 1:

- » Achegamento á metodoloxía de investigación no ámbito educativo.

Implementación e avaliación.

Deseño da investigación.

Metodoloxía e ferramentas de investigación educativa.

Procedemento e selección da mostra.

Pautas básicas sobre a análise de datos.

Implementación da investigación:

- » coordinada por outras entidades/institucións.
- » con acompañamento de persoal da Universidade/ICE.

Avaliación e difusión dos resultados.

Seminario intercentros Fase 2:

- » Deseño dunha investigación no ámbito educativo.

Seminario intercentros Fase 3:

- » Implementación dunha investigación no ámbito educativo.

**Estas actividades seguen unha secuencia e cómpre certificar a actividade precedente para acceder á seguinte fase.*



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado


ITINERARIO DE INTERNACIONALIZACIÓN

A internacionalización dos centros educativos abre novos horizontes de oportunidades no ámbito escolar, que se traducen en innovación e progreso cívico, social e cultural. Así mesmo, o intercambio de boas prácticas no espazo internacional leva consigo unha apertura cara a sistemas educativos e culturas veciñas, o que contribúe ao enriquecemento mutuo.

A través do itinerario de internacionalización, en coordinación co itinerario de comunicación e plurilingüismo, o profesorado tamén desenvolverá e afianzará as súas competencias lingüísticas e comunicativas en linguas estranxeiras.

O itinerario proporciona os elementos necesarios para acometer con éxito a internacionalización do centro a través de proxectos como eTwinning e programas como Erasmus+. Con esta finalidade, inclúese formación específica para:

- » crear equipos de internacionalización
- » elaborar a documentación que fai posible consolidar un plan sostible de internacionalización
- » manexar as plataformas de solicitude e/ou de xestión dos proxectos





INTERNACIONALIZACIÓN

Motivación e reflexión.**Análise de necesidades e obxectivos.**

- » Contexto, necesidades e obxectivos.
- » Internacionalización e cidadanía europea.
- Xornada Erasmus+.

🚩 **GT/S:** Detección de necesidades, valores e creación do equipo.

Creación do equipo de internacionalización.

- » Equipo e comisións de internacionalización.
- » Observación de boas prácticas en Europa.
- » Actualización lingüística e acreditación Plataforma Europea de Educación Escolar (ESEP), eTwinning, EPALE.

🚩 **AFI:** Aprendizaxe baseada en proxectos a través de eTwinning.

🚩 **GT/S:** Ferramentas para a internacionalización.

Desempeño e implementación.**Folla de ruta de internacionalización.**

- » Planificación, redacción e xestión de proxectos.
- » BM (Beneficiary Module).
- » Documentos de apoio.
- » Proxectos eTwinning.

🚩 **AFI:** O deseño do plan de internacionalización no centro educativo.

🚩 **GT/S:** Plan de desenvolvemento europeo e xestión de proxectos.

Comunicación e difusión.

- » BM (Beneficiary Module).
- » Redacción de solicitudes de acreditación para proxectos europeos.
- 🚩 **AFI:** Formación para a solicitude de proxectos plurianuais de centros escolares no Programa Erasmus+.

🚩 **GT/S:** Plan de desenvolvemento europeo e xestión de proxectos.

Consolidación, avaliación e revisión.

- » Confección e publicación de recursos.
- » Recoñecemento de persoas especialistas, mentoras e avaliadoras.

🚩 **GT/S:** Formación específica en centros, intercentros.

🚩 **GT/S:** Formación específica en centros, intercentros.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

O plan de formación, a través do presente itinerario, ofrece apoio e asesoramento para favorecer a participación nos diferentes programas europeos. Neste senso cómpre coñecer as posibilidades de internacionalización que nos brindan a Plataforma Europea de Educación Escolar, os proxectos eTwinning e o programa Erasmus+.

A **Plataforma Europea de Educación Escolar**⁹ é o espazo de referencia para todas as partes interesadas no sector da educación escolar, mentres que Erasmus+ é o programa da Unión Europea que apoia a educación, a formación, a xuventude e o deporte en Europa.

No cronograma de seguido recóllense as principais accións para o ámbito escolar, pero recoméndase visitar o sitio web:

- » <https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/about-erasmus/how-to-take-part> para obter a panorámica completa.

⁹ <https://school-education.ec.europa.eu/es>

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABAJOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE

PROGRAMA ERASMUS+

ACCIÓN	DESCRCIÓN	PRAZOS 2025/26
KA 120	» Acreditación (para desenvolver o proxecto 2024-27)	» Outubro 2026
KA 121	» (Só se tedes acreditación)	» Febreiro 2027
KA 122	» Proxecto de curta duración (6-18 meses)	» Febreiro 2027
KA 210	» Asociacións a pequena escala	» Marzo 2027
KA 220	» Asociacións de cooperación	» Marzo 2027
KA 240	» Asociacións europeas para o desenvolvemento escolar	» Marzo 2027

CONTACTO DO SEPIE:

- » movilidad.escolar@erasmusplus.gob.es
- » acreditaciones.escolar@erasmusplus.gob.es



Mobilidade



Asociación

PROXECTOS eTwinning

eTwinning¹⁰ constitúe un espazo seguro de colaboración para o profesorado dos países participantes, destinado ao desenvolvemento de proxectos e irmandades entre profesorado, de fácil implementación, sen dotación orzamentaria pero co apoio dunha plataforma segura e con moitas posibilidades para a colaboración virtual entre o alumnado de diferentes países.

Ademais, como recoñecemento ao traballo en proxectos que alcanzaron uns niveis determinados de calidade, outórganse os **selos de calidade** (de dous tipos: nacional ou europeo), os selos para centros eTwinning, así como premios nacionais e europeos.

¹⁰ <https://etwinning.es/es/> e <https://www.edu.xunta.gal/portal/etwinning>



LIÑA 4: CONVIVENCIA E INCLUSIÓN

A nova Estratexia Galega de Convivencia Escolar reforza o compromiso co coidado e coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos, incorporando como principio central a tolerancia cero fronte ao acoso escolar, entendida como un compromiso de país. Establece como eixes fundamentais a competencia emocional, o benestar físico, a promoción da convivencia positiva como modelo educativo de centro, o exercicio dunha cidadanía dixital responsable e o reforzo dunha convivencia equitativa e inclusiva con perspectiva de xénero.

A Axenda 2030, a través dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) enfatiza a importancia de promover o benestar e a saúde de toda a comunidade educativa. En concreto, o ODS 4, que busca garantir unha educación inclusiva e de calidade, indica que esta depende en gran medida do benestar dos profesionais que a imparten. Atendendo a estas recomendacións complementábase este itinerario con formación para profesorado referida ao coidado do seu benestar.

Tamén cobra especial relevancia, con motivo do indicado nas concrecións curriculares das diferentes etapas educativas, o coidado do benestar físico, no que se insta aos centros a definir actuacións de centro para o coidado da saúde a través do Plan de actividades físicas e hábitos saudables.

Esta liña está dividida en dous itinerarios:

1. Itinerario de convivencia escolar e coeducación


2. Itinerario de inclusión educativa

ITINERARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR E COEDUCACIÓN

O itinerario de convivencia escolar e coeducación pretende servir como instrumento para formar o profesorado na adquisición de estratexias e dinámicas dirixidas ao coidado das persoas, das relacións, da contorna, da promoción do bo trato nas relacións de xénero, da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a atención á diversidade afectivo-sexual como fórmula para camiñar cara a unha convivencia pacífica, segura e saudable.

Así, este itinerario divídese en catro bloques de contidos

1. Benestar emocional
2. Convivencia positiva
3. Coeducación
4. Hábitos de vida saudables



BENESTAR EMOCIONAL

- » Fundamentos e orientacións para o coidado do benestar da comunidade educativa.
 - » Normativa asociada e revisión documentación de centro.
 - » Propostas de acción para a aula, estratexias e recursos.
-
- » Intelixencia emocional e xestión do benestar.
 - » Identificación e intervención de malestares emocionais.
 - » Deseño e implementación de actuacións e programas para favorecer o benestar emocional.
-
- » Sistematización das estratexias exitosas e difusión de boas prácticas.
 - » Avaliación do impacto.
 - » Consolidación e sostibilidade de proxectos que favorecen o benestar emocional.
 - Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABALLOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE**CONVIVENCIA POSITIVA**

- » Normativa. Medidas organizativas e de xestión que favorecen a convivencia.
 - » Estratexias e recursos para a prevención, provención, resolución de conflitos e uso responsable e seguro das tecnoloxías.
-
- » Estratexias para favorecer a convivencia.
 - Habilidades sociais.
 - Axuda entre iguais.
 - Mediación escolar.
 - Cibermentoría.
 - Prácticas restaurativas.
 - » Acoso escolar: prevención, detección e intervención.
 - » Convivencia dixital responsable.
 - » Deseño, implementación e avaliación das prácticas de aula.
-
- » Sistematización das estratexias exitosas e difusión de boas prácticas.
 - » Avaliación do impacto.
 - » Consolidación e sostibilidade de proxectos que favorecen a convivencia positiva.
 - » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).

**COEDUCACIÓN**

- » Normativa. PE e Plan de Igualdade.
 - » Características dunha pedagogía coeducativa.
 - » Prácticas coeducativas.
-
- » Educación en igualdade nas relacións afectivo-sexuais.
 - » Saúde e sexualidade.
 - » Bo trato nas relacións de xénero.
 - » Igualdade de oportunidades.
 - » Diversidade afectivo-sexual e identidade de xénero.
 - » Deseño, implementación e avaliación das prácticas de aula.
-
- » Sistematización das estratexias exitosas e difusión de boas prácticas.
 - » Avaliación do impacto.
 - » Consolidación e sostibilidade de proxectos que favorecen a coeducación.
 - » Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

● MODELO
FORMACIÓN

● COMPETENCIAS
PROFESIONAIS

● LIÑAS DE
TRABALLO

● ITINERARIOS
FORMATIVOS

● CONVOCATORIAS
XERAIS

● NORMAS
XERAIS

● INFORMACIÓN
INTERESE



HÁBITOS VIDA SAUDABLE

- » Primeiros auxilios e promoción da saúde.
 - » Promoción de hábitos e estilos de vida saudables.
 - » Prevención de condutas problemáticas e aditivas.
 - » Promoción da conservación e protección da contorna.
 - » Emerxencias en centros educativos.
 - » Prevención de riscos laborais.
-
- » Estratexias para favorecer:
 - Hábitos de alimentación saudables.
 - Fomento da actividade física.
 - Mobilidade sustentable e seguridade vial.
 - Prevención de condutas adictivas, uso responsable das TRIC, videoxogos e apostas.
 - Conservación e protección da contorna.
 - » Deseño, implementación e avaliación das prácticas de aula.
-
- » Sistematización das estratexias exitosas e difusión de boas prácticas.
 - » Avaliación do impacto.
 - » Consolidación e sostibilidade de proxectos que favorecen o coidado da saúde e do ambiente.
 - ▣ Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

Por outra parte, a calidade e a inclusión educativa para todo o alumnado, a equidade, a non discriminación e a accesibilidade á aprendizaxe son principios que se contemplan tanto na lexislación educativa vixente (Orde do 8 de setembro de 2021¹¹), como na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. A competencia inclusiva social e cidadá procura crear un ecosistema de aprendizaxe e interacción democrático, plural e aberto no que o alumnado poida desenvolverse de maneira integral, colaborando e exercendo unha cidadanía activa e responsable.

Nesa liña, o itinerario de inclusión educativa establece unha folla de ruta que contribúe a:

- » Crear un proxecto inclusivo de centro que parta dun proceso de reflexión conxunta sobre a inclusión como valor educativo, dunha organización e xestión dos recursos de apoio reflexionada e optimizada para avanzar cara a implementación e sistematización de prácticas de aula.
- » Fortalecer as funcións docentes relacionadas coa atención á diversidade formando o profesorado en modelos educativos que contribúan a que o alumnado, independentemente das súas circunstancias, reciba unha resposta educativa personalizada que garanta o acceso, a presenza, a participación e o progreso nas súas aprendizaxes
- » Promover a xustiza social e a construción dun espazo escolar seguro que considere a diversidade como oportunidade.
- » Avanzar na inclusión supón desenvolver procesos de internacionalización, de transformación dixital así como diversificar as canles que favorecen a comunicación. A primeira, dentro dun contexto europeo, proporciona a posibilidade de colaborar na construción conxunta dun modelo de inclusión educativa no desempeño profesional. A segunda, permite reducir barreiras curriculares e persoais para favorecer a accesibilidade así como ofrecer recursos e posibilidades que favorecen a comunicación. Neste sentido, e vinculado ao Proxecto Erasmus+ "Incluídas", a oferta formativa céntrase de novo na promoción da inclusión desde unha mirada global, cunha segunda dimensión, a dixital, e unha terceira, a comunicación, como pezas claves na inclusión educativa.
- » Promover a colaboración con outros axentes educativos cara a construír unha cidadanía activa, inclusiva, solidaria e comprometida nunha sociedade global sostible.

¹¹ Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG Núm. 206).

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABALLOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE

CULTURAS INCLUSIVAS

- » Construción de comunidades educativas acolledoras, colaboradoras, seguras e non discriminatorias.
- » Definición de valores compartidos como base para a inclusión.
- » Revisión documentación de centro.

Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



MARCO NORMATIVO E POLÍTICAS INCLUSIVAS: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DOS APOIOS

- » Actualización normativa en relación á atención á diversidade e á inclusión na organización de centro.
- » Atención á diversidade na aula desde unha perspectiva inclusiva.
- » Reflexión sobre documentos de centro e aula.

- » Organización de centro para a optimización dos recursos de apoio á inclusión:
 - Internos.
 - Externos.

Formación específica en centros, intercentros (GT e S).



PRÁCTICAS INCLUSIVAS

- » Concepción e principios da accesibilidade.
- » Identificación de barreiras.
- » Accesibilidade nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- » Metodoloxías e recursos que favorecen a accesibilidade.

- » Estratexias metodolóxicas/organizativas e recursos que favorecen a presenza, participación, progreso e acceso ás aprendizaxes de todo o alumnado, especialmente nas NEAE.
- » Deseño, implementación e avaliación das prácticas inclusivas.

- » Sistematización das estratexias exitosas e difusión de boas prácticas.
- » Avaliación do impacto.
- » Consolidación e sostibilidade de proxectos que favorecen a inclusión.

Formación específica en centros, intercentros (GT e S).




Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado



LIÑA 5: COMUNICACIÓN E PLURILINGÜISMO

A competencia comunicativa do profesorado é un pilar fundamental no labor docente. A evidencia internacional máis recente incide na relevancia desta competencia. Tal e como recollen os resultados do estudo TALIS 2024, o profesorado atópase con contextos educativos cada vez máis complexos, polo que é clave recorrer ás súas habilidades comunicativas e á súa competencia intercultural para adaptarse a contornas multiculturais e multilingües. E, no marco da Unión Europea, o respecto polo plurilingüismo e pola diversidade lingüística constitúe unha base fundamental para fortalecer o sentimento de pertenza á cidadanía europea e garantir a inclusión social.

Non se trata exclusivamente da facilidade para expresarse con corrección, posto que engloba un conxunto de habilidades que teñen un impacto na calidade do ensino, na aprendizaxe e no desenvolvemento integral do alumnado. A pertinencia dunha boa competencia comunicativa favorecerá unha mellor comprensión dos contidos, así como a motivación e o pensamento crítico do alumnado. A apertura ás linguas, tanto cooficiais como estranxeiras, contribúe igualmente á participación plena na sociedade actual, cada vez máis diversa e globalizada.

Dentro desta liña, contamos con tres itinerarios:

1. **Itinerario de comunicación**
2. **Itinerario de tratamento da información**
3. **Itinerario de plurilingüismo**

ITINERARIO DE COMUNICACIÓN

A mellora da competencia comunicativa do alumnado está estreitamente vinculada coa mobilización de prácticas discursivas polo profesorado nas distintas materias que imparte. Polo tanto, esta competencia é unha destreza transversal que se inclúe en todas as áreas do currículo. Ser docente esixe reflexionar sobre as estratexias de comunicación en prol da didáctica e da adquisición de coñecementos, facendo fincapé en como favorecer a aprendizaxe por parte do alumnado. Tamén cómpre ter en conta a relevancia do momento e o contexto para facilitar que tanto o alumnado como o profesorado poidan interpretar as condutas verbais e non verbais dentro da aula.

Dentro deste itinerario ofrécense actividades destinadas a mellorar a competencia comunicativa do profesorado mediante a actualización lingüística e paralingüística. Inclúese formación específica en comunicación mediática, coidado da voz —con atención ás patoloxías vocais e técnicas de prevención—, así como propostas para achegarse aos autores e autoras e ás súas obras.



COMUNICACIÓN

- » A mellora da competencia comunicativa do profesorado.
 - » O coidado e hixiene da voz.
 - » Aproximación aos autores e autoras e as súas obras literarias.
 - » Comunicación mediática.
-
- » A destreza da improvisación na comunicación oral.
 - » Actividades de formación en centros (AFC) centradas nas mesmas temáticas que o nivel básico.
-
- » AFC centradas nas mesmas temáticas que o nivel básico e medio, para investigar, innovar e difundir.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado



ITINERARIO DE TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Este itinerario promove a autonomía no proceso de aprendizaxe do alumnado a través de espazos de investigación, creación e reflexión. Afondar no tratamento da información implica a busca, selección, análise crítica e uso responsable da información en distintos soportes e contornas dixitais.

Actualmente, resulta moi necesario poñer o foco da didáctica en relación á desinformación no contexto da alfabetización mediática e informacional. Por iso, este itinerario incorpora formación específica que fornece a todo o profesorado nos seus desempeños.

Poténciase tamén a biblioteca como centro vertebrador do proceso educativo e dinamizador da vida do centro. Desde este espazo favorécense a inclusión, a creatividade e a aprendizaxe competencial. Abórdanse aspectos como a xestión informatizada con Koha, as alfabetizacións múltiples e a actualización dos recursos, ofrecendo unha visión renovada da biblioteca como motor pedagóxico no centro educativo.

Esta proposta conecta co itinerario dedicado á competencia lectora, especialmente no que atinxe ao Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información.



TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

- » A inclusión e a diversidade desde a biblioteca escolar.
- » A documentación e alfabetización informacional.
- » A biblioteca do centro como motor da creación, experimentación e aprendizaxe.
- » A xestión das bibliotecas dos centros. Ferramentas e procesos técnicos.
- » A biblioteca do centro como motor da creación, experimentación e aprendizaxe.
- » AFC centradas nas mesmas temáticas que o nivel básico.
- » AFC centradas nas mesmas temáticas que o nivel básico e medio, para investigar, innovar e difundir.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

ITINERARIO DE PLURILINGÜISMO

No contexto plurilingüe no que vivimos, é esencial este itinerario para reforzar as competencias docentes no ámbito das linguas desde unha perspectiva innovadora, inclusiva e adaptada aos retos actuais.

Os contidos abordan temas como o desenvolvemento das habilidades comunicativas, especialmente a expresión oral, e enfoques e dinámicas para a didáctica das linguas, centradas en retos comunicativos reais. Estas propostas incorporan estratexias de avaliación formativa, favorecen a transferencia entre linguas e contribúen ao desenvolvemento dun plurilingüismo inclusivo.

Con respecto á atención á diversidade, dáselle un pulo ao fomento da lingua de signos para favorecer a resposta educativa e a comunicación do alumnado que a precisa, contribuíndo á súa inclusión.

No deseño das actividades tense en conta tamén un dos dous eixes da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras Edulingüe 2030¹² para complementar a extensión e afianzamento da internacionalización do sistema educativo e favorecer a cidadanía global que se recolle no itinerario de internacionalización.



PLURILINGÜISMO

- » O ensino da lingua de signos.
- » Dinámicas escénicas no ensino de linguas.
- » Recursos materiais e metodoloxías activas no ensino das linguas estranxeiras.
- » Desenvolvemento de destrezas e habilidades na lingua oral.

- » O ensino da lingua de signos.
- » As tecnoloxías e o ensino de linguas.
- » Potenciación das habilidades comunicativas orais en linguas estranxeiras.
- » Recursos materiais e metodoloxías activas no ensino das linguas estranxeiras.
- » AFC centradas nas mesmas temáticas que o nivel básico.

- » AFC centradas nas mesmas temáticas que o nivel básico e medio, para investigar, innovar e difundir.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

¹² https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/estratexia_edulingue_2030.pdf



COLECTIVOS ESPECÍFICOS

A mellora da calidade educativa require impulsar procesos de desenvolvemento profesional e participación que mobilicen aqueles colectivos que, pola súa función e responsabilidade, desempeñan un papel relevante nos procesos de desenvolvemento, organización e transformación dos centros e da práctica educativa. Neste contexto, cómpre salientar a atención formativa dirixida ao persoal da inspección educativa, aos equipos directivos, ás persoas orientadoras, ao funcionariado docente en prácticas, ao profesorado de novo acceso ao sistema educativo e ás familias.

A formación destes colectivos constitúe unha panca estratéxica para promover liderados pedagóxicos, fortalecer as redes de colaboración e consolidar prácticas educativas innovadoras e inclusivas. A través de propostas formativas adaptadas ás súas necesidades, responsabilidades e ámbitos de actuación, preténdese favorecer o desenvolvemento de competencias profesionais, actitudes e habilidades que contribúan á transformación e á mellora continua dos centros educativos e do conxunto do sistema.




Inspección educativa

Persoal da inspección educativa.



Equipos directivos

Persoas directoras, vicedirectoras, en xefatura de estudos, secretaría ou responsables de centro de menos de 3 unidades en activo.



Persoas orientadoras

Persoas que desempeñan os labores de orientación nos centros educativos.



Funcionariado en prácticas

Persoal que vén de ser nomeado funcionario.



Persoal docente de novo acceso ao sistema educativo

Persoal que exerce a función docente por primeira vez.



ENAPAS

Escolas de nais e pais definidas na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa así como no decreto 8/2015 que a desenvolve.

INSPECCIÓN EDUCATIVA

O corpo da inspección educativa ten como finalidade contribuír á mellora continua da calidade do sistema educativo, promovendo os máis altos estándares nos procesos de ensino e aprendizaxe, así como na organización e funcionamento dos centros educativos.

A formación permanente constitúe un dereito e un deber profesional das persoas integrantes da inspección educativa. Neste marco, o itinerario formativo do persoal inspector oríentase cara á actualización e ao perfeccionamento das competencias necesarias para o exercicio das funcións de supervisión, control, asesoramento, orientación e avaliación do sistema educativo, de acordo co establecido no artigo 151 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación (LOMLOE).

A proposta formativa para Inspección educativa debe ser adaptada ás necesidades do exercicio profesional, incorporando accións formativas directamente vinculadas co desempeño da función inspectora e coa mellora continua da práctica profesional.

Durante o presente curso académico, a formación centrarase nos seguintes ámbitos prioritarios:

- » A actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais para o desempeño da función inspectora.
- » Un programa de formación inicial para persoas inspectoras de novo ingreso, centrado no desenvolvemento das competencias profesionais propias da función inspectora.
- » O impulso do traballo colaborativo orientado ao asesoramento dos centros educativos e á promoción da avaliación por competencias.
- » O coñecemento e uso da intelixencia artificial como ferramenta de apoio ás tarefas de análise, supervisión e avaliación da inspección educativa.
- » Un itinerario formativo cunha duración de 2 cursos académicos en colaboración co persoal docente e os departamentos de orientación, para a implementación de medidas ordinarias de atención á diversidade nos centros educativos.
- » O desenvolvemento dun itinerario formativo de catro cursos académicos, en colaboración con persoal docente e asesorías de formación, orientado á adquisición e perfeccionamento de técnicas de acompañamento, asesoramento e supervisión directa e indirecta para a promoción dunha educación inclusiva.

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABALLOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE

- » Accións formativas sobre programas, modalidades e vías de internacionalización no ámbito educativo, así como sobre os beneficios e oportunidades derivadas destes.

Ademais, poderán ampliar a súa formación na liña de traballo 2. Dixital, a través de actividades específicas para este colectivo, incluídas no itinerario de formación en intelixencia artificial.



INSPECCIÓN EDUCATIVA

- » Formación presencial e mixta.
- » Persoas relatoras externas e internas.
- » 70 horas de formación.
- » Xornadas de formación.
- » Actualización profesional.
- » Avaliación de diagnóstico e plans estratéxicos de mellora dos centros.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

EQUIPOS DIRECTIVOS

Os equipos directivos desempeñan un papel fundamental na organización, xestión e mellora dos centros educativos. Por este motivo, desde a Rede de formación permanente do profesorado préstase unha especial atención á súa formación, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento das competencias necesarias para o exercicio da función directiva.

A oferta formativa estrutúrase en tres niveis:

Nivel básico: Constitúe o primeiro chanzo da carreira directiva e inclúe a formación destinada á acreditación previa requirida para o exercicio da función directiva. Tamén se contempla o coñecemento e manexo das ferramentas e aplicacións institucionais necesarias para a xestión dos centros educativos.

Así mesmo, para as novas direccións organízase no mes de xullo unha actividade formativa específica destinada a facilitar o inicio do desempeño da función directiva durante os primeiros meses de mandato. Esta formación complétase cunha actividade na Rede que pon á disposición das persoas participantes materiais e recursos de apoio para o desenvolvemento das súas funcións.

Nivel medio: Inclúe accións formativas especializadas nos distintos ámbitos que conforman as competencias necesarias para o exercicio da función directiva. No presente curso académico abórdanse, entre outros aspectos, a xestión do centro docente e a promoción da convivencia positiva na comunidade educativa.

Ademais, ofértanse actividades formativas específicas dirixidas aos distintos cargos que integran os equipos directivos.

Nivel avanzado: desenvólvese a través do equipo de persoas mentoradas das novas direccións, que acompaña e asesora no proceso de incorporación e consolidación na función directiva.

Ademais, os equipos directivos poderán ampliar a súa formación na [liña de traballo 2. Dixital](#), a través de actividades específicas para este colectivo, incluídas no [itinerario E-Dixgal](#) e no [itinerario de formación en intelixencia artificial](#).

MODELO
FORMACIÓNCOMPETENCIAS
PROFESIONAISLIÑAS DE
TRABALLOITINERARIOS
FORMATIVOSCONVOCATORIAS
XERAISNORMAS
XERAISINFORMACIÓN
INTERESE

EQUIPOS DIRECTIVOS

XULLO

- » Acompañamento no inicio das novas direccións escolares.
- » Uso de ferramentas e aplicacións institucionais na xestión dos centros educativos.

SETEMBRO

- » Uso de ferramentas e aplicacións institucionais na xestión dos centros educativos.

OUTUBRO - MARZO

- » Formación para o desenvolvemento da función directiva.

OUTUBRO - MAIO

- » Manual de formación para novos equipos directivos.
- » Formación específica en GT/S.

OUTUBRO - NOVIEMBRE

- » A xestión do centro docente
- » Formación específica para o exercicio da secretaría nos centros educativos.

XANEIRO - MARZO

- » Como promover unha convivencia positiva na comunidade educativa.

OUTUBRO - MAIO

- » Mentoría de novas direccións.
- » Formación específica en GT/S.

SETEMBRO

- » Formación de persoas mentoras da dirección.

OUTUBRO - MAIO

- » Formación específica en GT/S.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

PERSOAS ORIENTADORAS

Os departamentos de orientación son, dentro de cada centro, o garante de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de apoio e asesoramento permanente á comunidade educativa.

Esta proposta formativa toma como punto de partida tanto as actuacións da persoa orientadora, establecidas na normativa que as regula, como o que determina o modelo de Competencias Profesionais Docentes. Neste sentido, a persoa orientadora debe:

- » Estar capacitada nas competencias da área pedagóxica e social para desenvolver actuacións relacionadas coa atención á diversidade e a inclusión do alumnado, a orientación educativa e profesional deste; o asesoramento á comunidade educativa nos procesos de ensino e aprendizaxe; e a coordinación con outras institucións.
- » No que se refire a área profesional, ser quen de desenvolver funcións de xestión e organización de forma óptima dentro do centro enfocadas no ámbito que lle corresponde e respecto ao departamento que dirixe así como avanzar no seu desenvolvemento profesional de especialización, ben a través dun proceso formativo individual, ben compartido cos seus iguais.

Por outro lado, a transformación tecnolóxica e a intelixencia artificial (IA) ofrecen avances cruciais na atención á diversidade pois favorecen a resposta educativa, pero tamén esixen educar o alumnado na importancia de protexer a súa saúde emocional e física ante os novos desafíos da interacción tecnolóxica. Por esta razón, e co fin de garantir un acompañamento eficaz no uso responsable destas ferramentas, faise necesario capacitar as persoas orientadoras como pezas clave para guiar o alumnado cara o seu benestar dixital.

Atendendo ao exposto anteriormente, distínguense tres niveis de competencia:

- » **Nivel básico:** dirixido ás persoas orientadoras que se incorporan por primeira vez á xefatura do departamento de orientación.
- » **Nivel medio:** orientado á actualización e ao afondamento en temáticas máis específicas na atención á diversidade
- » **Nivel avanzado:** ligado á conformación de grupos ou seminarios dirixidos a avanzar na especialización, innovación, investigación e consolidación de modelos e/ou proxectos.

● MODELO
FORMACIÓN

● COMPETENCIAS
PROFESIONAIS

● LIÑAS DE
TRABALLO

● ITINERARIOS
FORMATIVOS

● CONVOCATORIAS
XERAIS

● NORMAS
XERAIS

● INFORMACIÓN
INTERESE



PERSOAS ORIENTADORAS

Curso de formación inicial para xefatura do DO.

- » Actualización normativa.
- » Protocolos e convenios.
- » Documentación do DO.
- » Detección e intervención de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).
- » Accións da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (CECUFP).

Formación específica en GT/S.

Curso de actualización.

- » Normativa, novos protocolos e convenios.
- » Xestión do DO.
- » Atención educativa ás NEAE.
- » Accións da CECUFP.

Xornadas de atención á diversidade.

- » Boas prácticas.
- » Últimas novidades.
- » Accións da CECUFP.

Cursos de especialización en:

- » NEAE/enfoque inclusivo da aprendizaxe.
- » Convivencia.
- » Coeducación.

Formación específica en GT/S.

Formación en GT/S orientada á:

- » Innovación e investigación.
- » Consolidación de plans, proxectos ou programas.



Nivel básico



Nivel medio



Nivel avanzado

PERSOAL DOCENTE DE NOVO ACCESO AO SISTEMA EDUCATIVO

Os primeiros anos na carreira docente son claves para a aprendizaxe e o crecemento profesional. O proceso de indución, mentorización e acompañamento do novo persoal docente (tanto o que exerce a función docente por primeira vez, como o que vén de ser nomeado funcionario) é crucial para construír confianza e xerar sentimento de equipo, mellorar a práctica instrucional e a eficacia e favorecer o compromiso coa aprendizaxe permanente.

Dado o perfil específico do colectivo, a formación inicial do profesorado de novo acceso ten como particularidade a inclusión de certas actividades de carácter obrigatorio que reciben nun momento concreto da súa carreira profesional, na súa incorporación ao sistema educativo galego, asegurando así a súa integración neste con todas as garantías. Polo tanto, trátase dunha formación específica que a persoa docente pasa unha soa vez. Tras completala, deberá, baseándose nas súas necesidades, continuar desenvolvendo as competencias profesionais seguindo os itinerarios asociados ás liñas de traballo.



**FUNCIONARIADO EN PRÁCTICAS****FORMACIÓN OBRIGATORIA**

- » Xornadas de acollida (setembro)
- » Curso na Rede de igualdade
- » Curso na Rede de galego

FORMACIÓN VOLUNTARIA

- » Formación específica
- » Inclusión educativa
- » Convivencia
- » Metodoloxías activas

**PERSOAL DOCENTE DE NOVO ACCESO AO SISTEMA EDUCATIVO****ETAPA 0: PREPARACIÓN PREVIA AO ACCESO**

- » **Obxectivos:** transición e achegamento.
- » **Modalidade:** calendario de visitas abertas para alumnado e profesorado universitario nos CFR/CAFI.
- » **Contidos:** MCPD23, itinerario de indución profesional.

ETAPA 1: BENVIDA E INDUCCIÓN

- » **Obxectivos:** xestión axeitada de aula e recursos, ampliación de técnicas metodolóxicas.
- » **Modalidade:** unha actividade de formación na Rede modular e acompañada.
- » **Contidos:** normativa e documentos de centro, deseño curricular, metodoloxías e xestión de espazos e recursos.

ETAPA 2: ACOMPAÑAMENTO PEDAGÓXICO

- » **Obxectivos:** reflexión conxunta e o crecemento ou desenvolvemento profesional.
- » **Modalidade:** dúas actividades de formación na Rede titorizadas.
- » **Contidos:** educación inclusiva e atención á diversidade, comunicación non verbal, multimodal, mediación e sistemas alternativos e aumentativos, portafolios profesional.

ETAPA 3: INTEGRACIÓN MENTORIZADA DE PRÁCTICAS DE AULA E COLABORACIÓN PROFESIONAL

- » **Obxectivos:** integración efectiva das prácticas docentes, colaboración e crecemento.
- » **Modalidade:** mentorías, observación entre iguais, reflexión e avaliación.
- » **Contidos:** estratexias para a reflexión e autoavaliación, liderado distribuído, benestar integral, observación entre iguais.

ENAPAS

As Escolas de Nais e Pais (en diante ENAPAS) definidas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e no Decreto 8/2015 que a desenvolve, contan cunha regulación propia no marco da Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, de xullo de 2018. A propia Lei e o Decreto determinan que lle corresponde á Rede de formación permanente do profesorado dar o apoio, soporte e acompañamento necesarios para o seu efectivo funcionamento.

As ENAPAS configúranse como espazos de encontro, diálogo, aprendizaxe e reflexión compartida para a comunidade educativa e contan con diversas accións formativas. Dado que as persoas destinatarias non son profesionais da docencia, esas accións, se ben se aliñan tematicamente co modelo de Competencias Profesionais Docentes, non seguen un itinerario formativo propiamente dito.

Na infografía recollida a continuación detállanse algunhas das actividades máis demandadas. Porén, o persoal dos equipos directivos poderá solicitar aquelas temáticas que considere necesarias no seu contexto.



O BENESTAR E A SEGURIDADE DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- » Xestión do benestar e dos riscos.
- » Hábitos de saúde.
- » Prevención de adiccións.
- » Primeiros auxilios.
- » Hábitos de alimentación saudables.
- » Hábitos de actividade física nas etapas escolares.
- » Uso responsables dos dispositivos móbiles.
- » A convivencia na comunidade educativa.
- » O acoso escolar e o ciberacoso.
- » Obxectivos de desenvolvemento sostible.
- » E-Dixgal.
- » Intelixencia Artificial (IA).



AS RELACIÓNS FAMILIARES E A COMUNICACIÓN EFECTIVA

- » Como comunicarme cos meus fillos/as en cada etapa.
- » Disciplina positiva.
- » Alternativas de ocio en familia.



ORIENTACIÓN EDUCATIVA FAMILIAR

- » Diversidade.
- » Educación afectivo sexual
- » Prevención da violencia de xénero.
- » A promoción da igualdade.
- » Os problemas na adolescencia e como afrontalos.
- » Orientación educativa e futuro laboral.
- » Apoio ás competencias lectora e matemática.
- » Apoio a estratexias de aprendizaxe.





CONVOCATORIAS XERAIS

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

5. CONVOCATORIAS XERAIS

OFERTA FORMATIVA: VÍAS E MODALIDADES

O Plan de formación xeral para o curso 2026/27 concrétase, de forma provisoria, na planificación de **6.317 actividades**, **133.946 horas de formación** e unha oferta de **132.362 prazas**. Esta planificación supón que cada docente de Galicia dispón, de media, de 4 prazas de formación para o curso 2026/27.

A planificación da oferta formativa vértase a través de diferentes vías de formación (**formación no propio centro a través dos PFPP, formación para grupos de docentes intercentros e/ou internivelares a través de grupos de traballo ou seminarios e formación individual presencial, mixta ou na Rede**) que, combinando as distintas modalidades formativas, propician unha oferta diversificada para adaptarse mellor ás circunstancias dos centros e do seu profesorado. Así, a formación estará contextualizada para unha translación directa á práctica docente e á súa aplicación á aula e poderá integrarse como un proceso estratéxico no proxecto educativo do centro.

Esta planificación distribúese en:



FORMACIÓN PRESENCIAL/MIXTA EN CFR/CAFI CONGRESOS, CURSOS E XORNADAS

1.351
ACTIVIDADES

26.516
HORAS DE FORMACIÓN

60.133
PRAZAS



FORMACIÓN PRESENCIAL/MIXTA EN CFR/CAFI PFPP, GT E SEMINARIOS INTERCENTROS E INTERNIVELARES

PFPP

1.148
CENTROS CON PFPP

4.106
ACTIVIDADES

75.420
HORAS DE FORMACIÓN

**GT
SEM**

751
ACTIVIDADES

29.893
HORAS DE FORMACIÓN

3.462
PRAZAS



FORMACIÓN NA REDE A TRAVÉS DE PLATEGA E AULAS VIRTUAIS

187
ACTIVIDADES

6.420
HORAS DE FORMACIÓN

37.308
PRAZAS

FORMACIÓN ASOCIADA A CONVOCATORIAS ESPECÍFICAS

Lóva: programa para centros educativos que favorece o traballo por proxectos baixo unha perspectiva artística, interdisciplinaria e transversal. Período de solicitude, xuño 2026.

Observa_Acción: programa baseado na observación entre iguais como motor de desenvolvemento profesional docente, na reflexión compartida e na mellora das prácticas educativas a través da colaboración entre centros educativos. Período de solicitude, outubro 2026.

CONVOCATORIA ACTIVIDADES NA REDE

A oferta formativa na Rede incorpora todas as competencias do modelo de Competencias Profesionais Docentes e está presente en todos os itinerarios do Plan de Formación debido á transversalidade da competencia dixital docente xa indicada ao inicio deste documento. En consecuencia, a oferta artéllase arredor das liñas de traballo: didáctica, innovación e investigación, convivencia e inclusión, dixital e comunicación e plurilingüismo.

Nesta oferta, contémpanse un mínimo de 80 actividades de formación na Rede impartidas a través de Platega.

No presente curso académico estableceranse dúas convocatorias: a primeira en setembro, para a inscrición nas actividades formativas que teñan lugar durante o 1º trimestre; e a segunda en decembro, para a realización daquelas actividades que se desenvolvan durante o 2º e/ou 3º trimestre.

ACTIVIDADES NA REDE

Desglose por liñas de traballo



CONVOCATORIA DE PFPP

Haberá unha convocatoria específica para os Plans de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), que se publicará no portal de educación.

De seguido, inclúese un cadro resumo das súas características e prazos.

DESTINATARIOS	Centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
	Desenvolverán algunha/s das seguintes liñas, asociadas a distintas competencias profesionais docentes:
	» Didáctica: deseño e desenvolvemento dos novos currículos para a atención á diversidade do alumnado. Metodoloxías didácticas. Iniciativas formativas no ámbito STEM e fomento da creatividade e o emprendemento. Polos creativos. Fomento da competencia matemática. Fomento da competencia lectora. » Dixital: educación dixital e transformación dixital dos centros. Plan dixital do centro. Competencia dixital docente. Espazos virtuais para traballo na Rede. E-Dixgal. Intelixencia artificial no desempeño da función docente.
OBXECTIVO	» Innovación e investigación: plans de mellora dos centros: xestión de calidade. Adecuación de espazos ao Plan de Arquitectura Pedagóxica. Optimización da práctica docente: observación inter pares e intercentros. Programas de plurilingüismo e internacionalización dos centros educativos. » Convivencia e inclusión: mellora da convivencia e benestar emocional. Relación coas familias. Centros saudables. Desenvolvemento sostible. » Comunicación e plurilingüismo: competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras. Tratamento integrado de linguas. Participación en proxectos europeos. Aprendizaxe colaborativa e cidadanía global. Biblioteca escolar. Lectura, información e aprendizaxe.
ITINERARIOS	Cada liña desenvolverase a través dun ou máis itinerarios formativos, que constarán de varias actividades.
ACTIVIDADES	As actividades de cada itinerario (curso, grupo de traballo, seminario) deberán estar integradas nun proceso que inclúa a análise e elaboración de propostas didácticas, así como a súa aplicación á aula ou ao centro, e a reflexión e avaliación dos resultados. Os cursos deberán estar vinculados a un grupo de traballo ou seminario. No caso excepcional de contar cunha soa actividade, esta ten que ser grupo de traballo ou seminario.

DURACIÓN

Mínimo 2 cursos escolares, máximo 4.

COORDINACIÓN

Equipo de formación: director/a, coordinador de formación ou xefe/a de estudos, coordinador/a de itinerario.
Colaboración co CFR do ámbito na planificación, desenvolvemento e avaliación do plan de formación.

PARTICIPANTES

O plan contará cunha participación representativa do claustro.
Cada participante integrárase, como mínimo, nunha liña e nunha actividade. No caso de integrarse nunha única actividade, esta deberá ser un grupo de traballo ou un seminario.
Unha vez aprobado o plan, pode incorporarse profesorado que o solicite e cumpra os requisitos de certificación (artigo 24, punto 2 da Orde 14 de maio de 2013).

CERTIFICACIÓN

Poderanse certificar ata 100 horas de formación polo PFPP.
Os integrantes do equipo de formación terán unha certificación de innovación de 20 horas sempre e cando participasen nalgunha actividade de formación do PFPP do centro.

PRAZOS

Preinscrición: **Ata o 25 de setembro de 2026 inclusive.**
Solicitud: **Ata o 9 de outubro de 2026.**
Memoria: **Ata o 4 de xuño de 2027 inclusive.**

**PROCESO DE
ELABORACIÓN
DO PROXECTO**

1. Detección da área de mellora en relación coas liñas de traballo.
2. Selección da/s liña/s e concreción de necesidades formativas.
3. Deseño de itinerario/s, actividades e accións de translación á aula, reflexión e avaliación.

MEMORIA

Envío da memoria final, xerada en FProfe, por correo electrónico ao CFR/CAFI correspondente ata o **4 de xuño de 2027 inclusive.**

CONVOCATORIA DE GRUPOS DE TRABAJO E SEMINARIOS

Os CFR da Comunidade Autónoma Galega, consecuentemente coas liñas básicas de formación do profesorado da CECUFP da Xunta de Galicia, poñen en marcha, para o vindeiro curso académico 2026/27, diferentes sistemas de apoio ao perfeccionamento, entre os que se inclúe a convocatoria de grupos de traballo (GT) e seminarios (S) dirixidos ao profesorado en activo de todos os niveis educativos, excepto o universitario, que imparta ensinanzas en centros sostidos con fondos públicos dependentes da CECUFP.

Os grupos de traballo e seminarios desenvolveranse conforme ás seguintes bases:

1. Características xerais

Tomando como base a importancia da colaboración entre o profesorado como elemento fundamental da formación en servizo, considérase:

- » **Grupo de traballo** como unha modalidade formativa baseada no traballo colaborativo que ten por obxecto a análise e a elaboración de proxectos e materiais curriculares, así como a experimentación destes centrada nas diversas situacións educativas.
- » **Seminario** como unha modalidade de formación baseada no traballo colaborativo que, a partir da reflexión conxunta, o debate interno e o intercambio de experiencias, permite afondar no estado de cuestións educativas tanto referentes ás distintas ciencias disciplinares como ás didácticas destas ou a outras ciencias da educación.

Dado que a CECUFP ten entre os seus obxectivos procurar que os centros educativos desenvolvan o seu propio Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), o grupo de traballo e seminario será unha modalidade indicada só no caso de que non sexa posible desenvolver a formación no marco dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

Con carácter xeral os centros educativos só poderán ser sede dun único grupo de traballo ou seminario.

O proxecto do grupo de traballo ou seminario elaborárase conxuntamente polo profesorado participante atendendo ao que se recolle na pestana "Guión" da aplicación FProfe.

2. Compoñentes

Poderá participar o profesorado en servizo activo de todos os niveis educativos, agás o de nivel universitario, que imparta docencia en centros sostidos con fondos públicos dependentes da CECUFP.

O grupo de traballo estará constituído por un mínimo de 3 membros e un máximo de 10, e o seminario por un mínimo de 8 membros e un máximo de 20, pertencentes ao mesmo ou a distintos centros educativos, incluíndo neste cómputo a persoa responsable da coordinación do grupo.

Ademais, poden constituír un grupo de traballo ou seminario docentes pertencentes a centros educativos de distintos ámbitos dos CFR. Con carácter xeral, os dous terzos do total de membros, así como a persoa coordinadora, deberán pertencer a centros do ámbito do CFR no que se presente a solicitude, que se aterá ao establecido na base sexta desta convocatoria.

A participación nun grupo de traballo ou seminario exclúe a participación nas convocatorias que a CECUFP estableza como incompatibles coa de grupos de traballo ou seminarios.

A sede do grupo de traballo ou seminario será, con carácter xeral, a do centro educativo da persoa coordinadora e pertencerá ao ámbito do CFR.

3. Duración

A duración do grupo de traballo ou seminario será dun mínimo de 20 horas e un máximo de 50 durante o curso académico 2026/27.

Os grupos de traballo poderán contar cun número de horas de docencia que non excederá o 20% das horas totais do proxecto, mentres que, nos seminarios, esta porcentaxe será do 30% como máximo. Esta docencia será autorizada e coordinada polo CFR correspondente.

As sesións de docencia, traballo individual ou en grupo, terán unha duración mínima de dúas horas e máxima de catro.

Ata un 30% do total das horas do grupo de traballo e un 20 % do seminario poderá realizarse de maneira individual e deberá constar nas actas das sesións de desenvolvemento. Este tempo de traballo non contemplará o tempo de aplicación e/ou experimentación en horas lectivas.

4. Orzamento e xestión

O proxecto poderá contar cun orzamento para o seu desenvolvemento que contemple os seguintes aspectos:

- » Horas totais da actividade.
- » Docencia, se a houber, de persoas expertas.
- » Material, se procede.
- » Desprazamentos. En ningún caso se admitirán como xustificación de gastos os desprazamentos para reunións das persoas integrantes do grupo de traballo ou seminario.

Os membros do grupo de traballo ou seminario, así como as persoas asesoras do ámbito ao que pertence o centro solicitante poderán impartir docencia sen remuneración.

A dotación económica de cada grupo de traballo ou seminario será a acordada pola comisión de selección, con cargo aos orzamentos do plan de formación do CFR correspondente.

A persoa asesora de formación será a encargada de realizar a xestión do correspondente expediente económico e administrativo.

5. Preinscrición

O profesorado interesado deberá facer a súa preinscrición a través da aplicación informática FProfe, na pestana de "Convocatorias", ata o **25 de setembro de 2026 inclusive**. Non será tido en conta outro tipo de preinscrición.

Unha vez realizada a preinscrición, a persoa que vaia coordinar o grupo ou seminario poderá solicitar a orientación das persoas asesoras dos CFR para a elaboración do proxecto.

6. Solicitud de participación e proxecto da actividade

A persoa coordinadora do grupo de traballo ou seminario fará a solicitude de participación e o proxecto a través de FProfe:

- » **Solicitude:** a solicitude xerada desde a aplicación FProfe (anexo I), selada e asinada pola dirección e persoa coordinadora, enviarase por correo electrónico ao CFR correspondente no prazo que se estableza.
- » **Proxecto:** elaborárase un proxecto en Fprofe seguindo o modelo da aplicación.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **09 de outubro de 2026**.

7. Comisión de selección

A selección dos grupos de traballo e seminarios será realizada en cada CFR por unha comisión integrada por:

- » O director ou directora do CFR.
- » O secretario ou secretaria do CFR, que actuará como secretario ou secretaria da comisión.
- » Dúas persoas asesoras de formación propostas pola dirección do CFR.

Son **funcións** da comisión de selección:

- » Seleccionar e aprobar os proxectos presentados que cumpran os requisitos e criterios establecidos na presente convocatoria.
- » Velar para que se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.
- » Resolver sobre a continuidade daqueles proxectos dos que do seguimento se deduxa que non se axustan ás condicións de aprobación.
- » Informar á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da marcha dos diferentes proxectos de formación en centros, cando sexa requirido por esta.
- » Avaliar e propoñer a certificación da formación dos participantes unha vez concluído o proxecto, entregada a memoria final e valorada positivamente.

8. Selección dos proxectos

Unha vez presentado o proxecto nas condicións establecidas nas bases quinta e sexta da presente convocatoria, a comisión de selección deberá reunirse nun prazo máximo de 15 días contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de solicitude. O proxecto deberá contar co informe da persoa asesora designada para tal fin.

A comisión de selección de grupos de traballo e seminarios terá en conta, ademais, os seguintes criterios:

- » Adecuación ás bases da convocatoria e ás liñas de traballo de formación do profesorado establecidas pola CECUFP e enmarcadas na lexislación vixente.
- » Repercusión do proxecto na práctica docente mediante a aplicación na aula.
- » Relevancia innovadora do proxecto.
- » Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e procesos de avaliación, así como a concreción de todos os aspectos citados.
- » Adecuación e coherencia da proposta de organización temporal e dos recursos humanos e materiais.

A acta da comisión emitida a través da aplicación FProfe recollerá a relación dos grupos de traballo aprobados e dos denegados e excluídos. Nela constarán título do proxecto, nome da persoa coordinadora, centro sede, número de horas e orzamento asignado. No caso dos proxectos denegados e excluídos, especificaranse as razóns correspondentes.

9. Resolución da convocatoria

A resolución da convocatoria, coa relación de grupos de traballo e seminarios aprobados, denegados e excluídos, farase pública no espazo web do CFR e comunicaráselle por escrito á persoa coordinadora de cada un dos grupos de traballo e seminarios.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que consideren oportunas ante a presidencia da comisión de selección, no prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

Con carácter xeral, unha vez resolta a convocatoria, non se admitirán modificacións na relación de participantes.

10. Coordinación e asesoramento

A persoa coordinadora de cada grupo de traballo ou seminario terá ao seu cargo as seguintes tarefas:

- » Coordinación na xestión e desenvolvemento do grupo coa persoa asesora.
- » Organización do traballo.
- » Convocatoria e coordinación das reunións.
- » Elaboración de actas e control de asistencia.
- » Dirección e coordinación do desenvolvemento e avaliación do proxecto.
- » Dirección e coordinación da experimentación e/ou elaboración de materiais.
- » Realización da memoria final.

Para tal efecto levantará acta, no programa de xestión FProfe, das sesións de docencia, de traballo en grupo e de traballo individual que se celebren e cubrirá todos os documentos relativos a estes no citado programa de xestión.

A persoa asesora de formación asignada a cada grupo de traballo ou seminario, nun proceso colaborativo, poderá asesorar o grupo en todos os aspectos referentes ao desenvolvemento do proxecto.

11. Seguimento

O seguimento do desenvolvemento dos grupos de traballo e seminarios corresponde á comisión de selección.

A persoa asesora asignada a cada grupo de traballo ou seminario elaborará un informe do desenvolvemento do proxecto para presentalo ante a comisión de selección.

12. Documentación que hai que entregar ao finalizar a actividade

A persoa coordinadora do grupo de traballo ou seminario cubrirá en FProfe a memoria final (características do contexto, xustificación das variacións introducidas, obxectivos acadados, programa de contidos, metodoloxía, organización de recursos humanos e materiais, temporalización, procesos e criterios para a avaliación e conclusións).

Subirá a FProfe, preferiblemente en pdf, a seguinte documentación:

- » O documento da memoria no apartado "soporte informático da memoria do proxecto".
- » O documento dos materiais do proxecto no apartado "soporte informático dos materiais do proxecto".

O grupo deberá entregar un produto final que evidencie as competencias profesionais adquiridas e a súa posta en práctica na aula e/ou no centro.

Ademais enviaráselle por correo electrónico ao CFR, indicando no asunto " Documentación <código e título do GT/seminario. Centro>, os seguintes documentos:

- » Acta final, xerada na aplicación FProfe, asinada polo profesorado participante, pola persoa coordinadora, e co visto e praxe da xefatura de estudos e o selo do centro.
- » Relación detallada dos materiais elaborados, indicando o procedemento de acceso a estes, así como evidencias de todos os aspectos formativos e/ou experimentais traballados ao longo da formación.

A data límite de entrega desta documentación no CFR correspondente será o **28 de maio de 2027**.

A non realización e entrega da memoria final, no prazo sinalado nesta convocatoria, poderá ser causa de revogación da axuda concedida e librada, co deber de reintegrar a cantidade percibida e suporá a non certificación da actividade.

13. Avaliación final

A comisión de selección realizará a avaliación final dos grupos de traballo e seminarios, tendo en conta o informe da persoa asesora e a documentación presentada, no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de entrega da citada documentación.

A acta de avaliación reflectirá o número de horas recoñecido a cada grupo de traballo ou seminario para os efectos de certificación, atendendo á documentación presentada e á calidade dos produtos desenvolvidos.

14. Certificación

Unha vez presentada e avaliada positivamente a memoria final, a dirección do correspondente CFR expediralles aos membros do grupo de traballo ou seminario a certificación acreditativa da coordinación ou da participación nel, acordada pola comisión de selección.

Segundo a normativa vixente, para certificar a participación na actividade será necesaria a asistencia, como mínimo, ao 85% das horas presenciais da actividade así como a presentación das evidencias correspondentes ao traballo desenvolto de maneira non presencial.

A certificación farase en función das horas de traballo realizadas e xustificadas, a proposta da comisión, ata un máximo de 50 horas.

Se o profesorado con destino no/s centro/s implicado/s ou persoal asesor do CFR actuase como relator/a, poderá recibir a correspondente certificación, que se axustará á normativa vixente. No caso de profesorado membro do grupo de traballo ou seminario que imparta formación na actividade, poderá certificar a súa participación como asistente e relator/a sempre que a segunda non supere o 15%.

15. Difusión e publicación de materiais

Os materiais elaborados quedarán depositados no CFR para consulta do profesorado interesado e poderán ser difundidos polo devandito centro.

Se as persoas integrantes dun grupo de traballo deciden publicar os materiais elaborados, deberán axustarse á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais como no uso de imaxes. Deberá tamén facerse constar que se elaboraron coa subvención da CECUP e incluír o logotipo, que pode descargarse no seguinte enderezo:



<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>

Os materiais elaborados estarán suxeitos á licenza creative commons by-nc-sa



Recoñecemento - Non Comercial - Compartir igual (by-nc-sa):
Permítese o uso non comercial da obra orixinal e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Para máis información: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/2339>



NORMAS XERAIS

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

6. NORMAS XERAIS

Todos os aspectos que a continuación se recollen, referidos á inscrición, admisión, avaliación e certificación nas actividades de formación, constitúen un resumo dos criterios estipulados na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES

Para participar en calquera das actividades de formación permanente do profesorado que se desenvolvan no curso académico 2026/27, débese realizar a inscrición mediante o **sistema de xestión da formación do profesorado (FProfe)**, ao que se accede a través de Internet, no portal educativo da CECUFP no enderezo web: <http://www.edu.xunta.gal/fprofe/>

Desde esta páxina, calquera persoa pode realizar dúas xestións:

- » Consulta pública do plan de formación, para consultas anónimas de todas as actividades formativas ofertadas nos plans anuais de formación.
- » Entrada no sistema/autenticación, que permite o acceso autenticado á inscrición nas actividades dos plans anuais de formación, consultar a súa situación persoal nas actividades que ten solicitadas, así como outras tarefas de xestión.

Coa finalidade de mellorar a xestión e a admisión nas actividades da oferta formativa individual para o curso académico 2026/27, abrírase progresivamente a inscrición para os períodos setembro-décembro 2026 e xaneiro-xuño 2027, aínda que se poderán consultar todas as actividades do curso seleccionando "Todos" no menú "Estado".

O Plan Anual de Formación do Profesorado recolle unha oferta viva, polo que resulta fundamental consultar regularmente o sistema de xestión da formación do profesorado (FProfe), no que se poderá atopar información actualizada dos cursos, achegándose así a unha oferta máis adaptada ás inquiredanzas e necesidades dos distintos perfís profesionais.

Tamén se proporciona información puntual sobre actividades que aínda dispoñen de prazos no banner de FProfe, nas webs de CAFI e CFR, así como nas súas redes sociais institucionais.

Ante calquera dificultade ou problema de acceso a FProfe, o profesorado debe dirixirse á Unidade de Atención a Centros da CECUFP, chamando ao número 881 99 77 01 ou enviando un correo electrónico desde o seu enderezo corporativo ao enderezo uac@edu.xunta.gal.

CRITERIOS DE ADMISIÓN

As actividades de formación permanente desenvolvidas segundo establece a lexislación vixente irán dirixidas ao profesorado e ao persoal docente especializado que desempeña as súas funcións en centros sostidos con fondos públicos dentro do ámbito de xestión da CECUFP, nos que se imparten ensinanzas de réxime xeral e de réxime especial, e en servizos técnicos de apoio ao profesorado.

As actividades serán levadas a cabo polo CAFI e os CFR.

Para un correcto desenvolvemento das accións formativas establécense as seguintes normas básicas que son de aplicación en todas as actividades:

- » O **criterio xeral** para a selección e a admisión nas actividades é ser persoal que estea desempeñando as súas funcións en centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes da CECUFP no momento en que se realice a selección.
- » Ademais, con carácter xeral, aplicaranse os seguintes **criterios de prioridade** conforme á orde en que figuran a continuación, en función da modalidade da actividade:

Cursos presenciais e mixtos

- » Criterios específicos sinalados na actividade.
- » Pertencer aos corpos e especialidades concretas aos que vai dirixida a actividade.
- » Pertencer ao ámbito do CFR ou demarcación específica sinalada na convocatoria da actividade.
- » Pertencer ao profesorado de centros públicos.
- » Servizos prestados en postos dos corpos ou especialidades aos que vai dirixida a actividade (antigüidade).

Actividades na Rede (con carácter xeral non se poderá participar en dúas actividades Platea coincidentes no tempo)

- » Criterios específicos sinalados na actividade.
- » Pertencer aos corpos e especialidades aos que vai dirixida a actividade.

- » Menor número de actividades Platega no curso.
- » Pertencer ao profesorado de centros públicos.
- » Servizos prestados en postos dos corpos ou especialidades aos que vai dirixida a actividade (antigüidade).

Actividades centralizadas (eventos)

- » Criterios específicos sinalados na actividade.
- » Pertencer aos corpos e especialidades aos que vai dirixida a actividade.
- » Pertencer ao profesorado de centros públicos.
- » Servizos prestados en postos dos corpos ou especialidades aos que vai dirixida a actividade (antigüidade).

Ao abeiro do artigo 162 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, establécese que "1. Nas convocatorias de actividades formativas darase preferencia ás persoas que, cumprindo cos requisitos, estiveren a gozar dun permiso ou en situación de suspensión do contrato por nacemento ou adopción, garda con fins de adopción e acollemento, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, redución de xornada ou en excedencia por coidado de fillos ou fillas ou familiares, ou que gozasen deses dereitos ou do dereito á flexibilidade e á adaptación da xornada dentro dos dous anos anteriores á convocatoria da actividade formativa. 2. Para quen estiver a gozar dunha excedencia por coidado de fillos ou fillas xa superado o primeiro ano, a preferencia será absoluta e manterase ata dentro dos dous anos posteriores a finalizar a excedencia".

Segundo o Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, quen, sexa muller ou home, goce dunha licenza de maternidade ou un permiso de paternidade, unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio destes, poderá participar nos cursos de formación convocados pola Administración (art. 3, apdo. Tres).

Para exercer o devandito dereito deberá inscribirse na actividade e remitirlle á persoa asesora responsable da devandita actividade un correo electrónico indicando o período no que exerceu o permiso ou licenza e a súa vontade de exercer este dereito preferente. A persoa asesora realizará cos servizos centrais as comprobacións pertinentes e procederá en consecuencia. Unha vez exercido o devandito dereito preferente, se a persoa abandona a actividade sen causa xustificada e sen a pertinente renuncia en tempo e prazo, non será

seleccionada para as actividades que se desenvolvan no mesmo curso académico e, polo tanto, non poderá volver exercer este dereito preferente no mesmo curso.

Se é necesario, recorrerase á selección seguindo a orde alfabética do primeiro apelido empezando pola letra determinada polos sorteos anuais realizados pola Consellería de Facenda. Para as actividades realizadas no ano 2026 é a letra "M" segundo a Resolución do 22 de xaneiro de 2026¹³, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de febreiro de 2024).

O profesorado seleccionado para a actividade recibirá un correo electrónico na súa conta corporativa (_@edu.xunta.gal) e necesariamente deberá confirmar ou renunciar, dentro do prazo indicado, a súa participación na actividade a través do sistema de xestión da formación do profesorado (<https://www.edu.xunta.gal/fprofe/>). No caso de producirse renuncias, o propio sistema convocará posibles reservas.

As persoas seleccionadas que teñan confirmada a asistencia e non comparezan á primeira sesión ou abandonen a actividade sen causa xustificada, serán dadas de baixa na actividade e non serán seleccionadas para outras actividades que se desenvolvan no mesmo curso académico. Considerarase abandono a ausencia de participación no 40% da actividade do curso.

As persoas participantes nunha actividade de formación na Rede deberán realizar a súa presentación obrigatoria no foro destinado para tal fin na aula virtual do curso, no prazo indicado pola coordinación da actividade. De non levar a cabo esta presentación, serán dadas de baixa da actividade e consideraranse non presentadas cos efectos establecidos no parágrafo anterior.

Non poderá participar en actividades de formación permanente o persoal docente en situación de baixa por incapacidade laboral transitoria ou excedencia voluntaria.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES

Todas as actividades de formación son sometidas a un proceso de avaliación sistemática e continua co fin de tomar decisións sobre a mellora das accións levadas a cabo. As actas das sesións das actividades e as enquisas de valoración son as ferramentas para levar a cabo a avaliación institucional das actividades de formación. Por iso, á hora de finalizar unha actividade, é importante que todos os axentes implicados cubran a enquisa de valoración: o persoal asesor, as persoas relatoras ou titores/as e as persoas asistentes.

¹³ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260126/AnuncioG0597-220126-0006_gl.html

Ademais dunha avaliación cuantitativa da percepción da organización e a docencia, as seccións de carácter cualitativo "O que estivo ben" e "Suxestións de mellora" achegan profundidade á análise e permiten facer modificacións, sobre todo naquelas actividades que se repiten durante varios cursos académicos.

AVALIACIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Nas actividades presenciais a asistencia é obrigada, polo que as faltas, independentemente da causa, non poderán superar o 15% da duración da parte presencial da actividade.

Para obter a certificación nas actividades de formación na Rede, será indispensable superar con avaliación positiva o 80% das tarefas obrigatorias propostas, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais no caso de que as houbese.

No caso de estar programadas sesións non presenciais, a participación virá determinada pola entrega e pola valoración dos materiais elaborados, exercicios, informes de resultados alcanzados en procesos de experimentación previstos ou memorias, individuais ou de grupo, que fosen establecidos para o desenvolvemento das tarefas. Estes deberán ser coñecidos polas persoas participantes desde o inicio da actividade e serán de obrigado cumprimento.

En todo caso, á hora de avaliar os grupos de traballo e seminarios, a persoa asesora que coordina a actividade deberá establecer as estratexias e aplicar os instrumentos adecuados (memorias, observación, realización de traballos etc.) que permitan comprobar o grao de aproveitamento e as competencias adquiridas por cada unha das persoas participantes na actividade. Os resultados desta avaliación teranse en conta á hora de tomar decisións sobre a emisión de certificados, publicación de materiais elaborados, concesión de axudas económicas para futuros proxectos etc.

CERTIFICACIÓN

Ao remate de cada actividade, o profesorado asistente recibirá unha certificación. Para a súa expedición terase en conta:

- » A participación activa nas fases presenciais e a execución das diversas tarefas programadas para as fases non presenciais.

- » Nas actividades presenciais establecerase un sistema de comprobación da asistencia, que será obrigatoria nun 85% da súa duración total, con independencia da causa que motive a súa falta de asistencia. Se a actividade de formación permanente comportase horas non presenciais, a asistencia será obrigatoria ao 85% das horas presenciais e ademais, estará obrigado a realizar as actuacións previstas no detalle da actividade.
- » Nas actividades na Rede será preciso obter unha avaliación positiva no 80% das tarefas propostas, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais no caso de que as houbese. Deberá terse en conta que a non realización da actividade de presentación (que poderá consistir tanto na presentación no foro correspondente, como na realización dalgunha tarefa sinxela) no prazo previsto, entenderase como renuncia e suporá a asignación da praza a unha persoa da listaxe de reservas.
- » Só se recibirá un certificado por unha actividade, como regra xeral, sexa cal for a participación nela. Polo tanto, non poderá expedirse simultaneamente certificación de asistencia e de coordinación ou titoría dunha mesma actividade. No caso de congresos, poderáselle certificar a asistencia e a impartición de relatorios á mesma persoa, salvo que as horas desempeñadas como relatora superen o 15 % das horas totais da actividade.
- » As persoas participantes unicamente poderán recibir a certificación que acredite a asistencia íntegra á actividade. Non poderán emitirse certificacións parciais.



ENDEREZOS, E INFORMACIÓN DE INTERESE

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

7. ENDEREZOS E INFORMACIÓN DE INTERESE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- **Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos**

Edificio Administrativo San Caetano s/n Bloque 2

15781 Santiago de Compostela

T: 981-546558 / 59

Correo electrónico: dxcrrhh@edu.xunta.gal

- **Servizo de Programas de Formación**

Edificio Administrativo San Caetano s/n Bloque 2

15781 Santiago de Compostela

Correo electrónico: spdf@edu.xunta.gal

- **CAFI**

Cidade da Cultura, Monte Gaiás, s/n

Edificio Fontán, 3º Andar

15707 Santiago de Compostela, A Coruña

T: 881 997 004

Correo electrónico: cafi@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cafi>

- **CFR SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Rúa Lamas de Abade s/n

15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

T: 981 522 411

Correo electrónico: cafi@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cafi>

- **CFR A CORUÑA**

Rúa da Educación, 3 (Edificio UNED)

15011 A Coruña

T: 981 274 221

Correo electrónico: cfr.coruna@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrcoruna/>

- **CFR FERROL**

Rúa O Galego Soto, s/n

15403 Ferrol (A Coruña)

T: 981 370 541

Correo electrónico: cfr.ferrol@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrferrol/>

- **CFR LUGO**

Rúa Doutor Yáñez Rebollo, 31

27004 Lugo

T: 982 251 068

Correo electrónico: cfr.lugo@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrlugo/>

- **CFR OURENSE**

Rúa da Universidade s/n (A. Cuña Mariñamansa)

32005 Ourense

T: 988 241 533

Correo electrónico: cfr.ourense@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrourense/>

• CFR PONTEVEDRA

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 4

36005 Pontevedra

T: 986 872 888

Correo electrónico: cfr.pontevedra@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrpontevedra/>

• CFR VIGO

Rúa Rocío, 72

36208 Vigo

T: 886 121 730

Correo electrónico: cfr.vigo@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrvigo/>

